



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de marzo de 2022
Duración	Desde as 19:30 ata as 23:20 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan morado corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por unanimidade dos integrantes se procede a aprobación da acta da sesión anterior de data 27/01/2022.

Expediente 986/2021. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derogación)

Favorable

Tipo de votación: ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstención: 5, Ausentes: 0

“APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓN DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS. Expte. 986/2021

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía de data 4/11/2021 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos de Guitiriz para dar cumprimento ao Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para a financiación e contratación conxunta do servizo.

Visto o proxecto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial de dominio público local por instalación de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos redactada pola Deputación de Lugo.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 4/02/2022.

Visto o trámite de consulta previa do proxecto da ordenanza na páxina web municipal de data 9/02/2022, co correspondente anuncio e borrador do proxecto da ordenanza inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais, para que





Concello de Guitiriz

calquera interesado poida consultalo e presentar suxestións ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso, as posibles solucións alternativas.

Visto que non se presentou ningunha alegación ou suxestión durante o período da consulta previa do borrador ordenanza.

Visto o informe de intervención municipal de data 16/03/2022

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e BNG, coa abstención dos votos do PP adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza que se achega como ANEXO I.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS.”

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo plenario.”

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que visto o borrador da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento, o informe xurídico de data 4/02/2022, o tramite de consulta previa do proxecto da ordenanza na paxina web municipal de data 9/02/2022 e visto que non se presentaron alegacións durante o período de consulta do borrador da ordenanza e visto o informe de intervención municipal de data 16/03/2022.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Partido Popular deste concello chega as seguintes conclusións:

A ordenanza fiscal adecúase a normativa reguladora e cumpre os principios de estabilidade orzamentaria pero somos coñecedores de que o concello cobra pola instalación unha sola vez, mais por outra banda os propietarios das fincas por onde pasan os fíos de media e alta tensión tamén deberían ter dereito a cobrar un canón anual e non a que se lles faga unhas expropiacións dándolles aos propietarios unhas cantidades ridículas o ben obrigándolles a chegar a un acordo económico e o final nas terras non se pode plantar nada. Isto ocorre entre outras cousas porque son subcontratas de subcontratas e van por onde lles da a gana e nin sequera seguen as pistas para non facer dano a ninguén.

Con respecto a auga o Partido Popular deste concello non estaría de acordo con que se cobrasen taxas as traídas particulares ou de comunidades veciñais ou traídas parroquiais na súa totalidade posto que: Cando rompe ou estala polo frío unha tubería dos veciños/as das parroquias que son propietarios, as arranza o concello? Cando fan unha ampliación nesa traída arranza o concello?. Cando fan unha nova traída ou a repoñen na súa totalidade dálle cartos o concello? A resposta a todo isto é que non, polo tanto non se debe de cobrar e débese





Concello de Guitiriz

excluir desta ordenanza que queren aprobar.

Nós queremos eliminar ese punto por iso pedimos que se faga unha emenda parcial para excluir o cobro das taxas as traídas de auga particulares, senón votaremos en contra pois parécenos un abuso posto que hai que deixar vivir ao rural.

Propoñemos a seguinte emenda, que se retire todo o referente o cobro das taxas as traídas de auga particulares individuais dos/as veciños/as e das parroquias que non teñan nada que ver coa traída do concello.

A Sra. Alcaldesa di que no feito impoñible non esta incluído as instalacións de auga e polo tanto non se lles pode aplicar unha taxa, nesta ordenanza esta recollida como grupo I liña subterránea de alta tensión e como grupo II instalación de gas e hidrocarburos.

O voceiro do BNG dí que traen unha copia e pega de ordenanza que nin se molestaron en traducila ao galego pero agardamos que así o fagan antes de publicala no Boletín Oficial da Provincia.

Vemos que esta ordenanza xa tiña que estar feita dende hai tempo porque na lexislatura anterior aprobouse en Pleno unha moción que se refería precisamente a cobrar unha taxa as eléctricas e o gas por ocupar o dominio público do concello que había presentado daquela concelleiro Jordi Blengua.

Unha ordenanza mais, agardamos que se leve a cabo, e non que quede esquecida como outras que temos, refírome a ordenanza do saneamento que se aprobou o ano pasado, quixera saber si fixeron algo para ir adaptando o saneamento ao que propón devandita ordenanza.

Tamén quero facer un apunte ou preguntar si non se pensou no dominio público que ocupan as empresas telefónicas xa que non están incluídas nesta ordenanza e tamén que nos aclare se vai cobrar taxa as traídas de auga particulares.

A Sra. Alcaldesa di que para poder aplicar a ordenanza hai que ter un inventario de todas as liñas de gas, hidrocarburos e electrizas que hai no concello, de nada vale aprobar a ordenanza sinon temos o inventario.

No seu momento a Deputación asinou un convenio con todos os concellos onde se comprometían a facer o inventario e o modelo de ordenanza que temos que aprobar os concellos con todas as especificacións técnicas que veñen nela.

Respecto as liñas telefónicas xa no seu momento incluíuse na nosa ordenanza e houbo que anular os artigos para dar cumprimento a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por ser contraria a dereito.

O voceiro do PP di que queremos que conste en acta que nós opoñémonos a que se cobren taxas por traídas particulares.

Gustárame que nos puxeramos todos de acordo en relación ao cableado xa que en vez de levar os fíos por camiños veciñais cruzan as fincas polo medio porque aforran cartos.

Intervén a alcaldesa para aclarar que agora as compañías eléctricas non están autorizadas para levar novas conexións de rede por dominio privado.

O voceiro do BNG di que non ten nada mais que dicir porque que esta bastante clara a postura.

A Sra. Alcaldesa di que quere que conste en acta que este goberno non vai gravar con ningunha taxa as traídas particulares xa que como dixen antes nesta ordenanza non se recolle como feito impoñible ningún tipo de instalación de traída de auga nin privada, nin comunitaria nin veciñal, posto que se grava as instalacións de enerxía eléctrica de alta e baixa tensión areas e subterráneas de gas e hidrocarburos e como xa esta feito o inventario aplicarámosla





Concello de Guitiriz

nos termos que recolle a ordenanza.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e abstención do PP.

Expediente 264/2022. Modificación de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 1, Abstención: 5, Ausentes: 0

“MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2022.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 397.657,51 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE, coa abstención dos votos do PP e co voto en contra do BNG , adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario 1/2022 polo importe total de 397.657,51 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE	APLICACION
ACTUACIÓNS NO SANEAMENTO E A EDAR DE GUITIRIZ (nova versión do Convenio entre o Concello e a CHMS). 2ª anualidade	36.000,00€	160 72100
AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DAS PARROQUIAS DE O BURIZ E OS VILARES. 1ª FASE. Acordo da Comisión Bilateral. Anualidade 2021-2022	25.000,00€	150 22799
MELLORA DO SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN PARDIÑAS (GUITIRIZ). Fondo de Compensación Ambiental en concorrencia non competitiva para o ano 2022. Recursos propios	14.481,80€	160 61900
MELLORA DE ACCESOS EN OS VILARES. Plan de Mellora	19.593,26€	450 61900





Concello de Guitiriz

de Camiños 2022-2023 (AGADER). Recursos propios		
MELLORA DE ACCESOS EN PUMARIÑO. Plan Unico 2022. Aportación Municipal	33.306,76€	450 61900
BRIGADA DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL 2022 E MELLORA DA SENDA VERDE DENDE AS TOXEIRAS- LABRADA (GUITIRIZ) ATA A PIGAROA- MOMAN (XERMADE) DA AGRUPACIÓN GUITIRIZ – XERMADE. Fondo de Compensación Ambiental en concorrencia competitiva para o ano 2022. Recursos propios	7.766,04€	170 22799
IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURA DE PUNTO LIMPO MÓBIL NOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E XERMADE PARA AMPLIACION E MELLORA DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. Actuacións en materia de residuos de competencia municipal en concorrencia competitiva. Recursos propios	10.020,19€	170 62400
CONTINUACIÓN E MELLORA DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA E COMUNITARIA NO CONCELLO DE GUITIRIZ. Actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal en concorrencia non competitiva. Recursos propios	2.192,32€	170 22799
AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR EN OS VILARES. Programa de axudas para inversión a Proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (DUS 5000)- IDAE. Recursos propios	27.045,78€	165 61900
ACONDICIONAMENTO DE NAVE MUNICIPAL PARA USOS CULTURAIS E DEPORTIVOS. Mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Recursos propios	7.905,99€	341 21000
REHABILITACIÓN DE ACCESOS E LAVADOIRO SOBRE ÁREA DE PROTECCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO. Actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a Concellos de Galicia en concorrencia non competitiva. Recursos propios	6.419,04€	170 21000
PROXECTO REURBANIZACIÓN DO CONTORNO DO CASTELO DE PARGA. Plan de sostenibilidade Turísica en destino. Recursos propios	41.000,00€	151 61900
REPOSICION INFRAESTRUTURA MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN RUA DO CONCELLO E RUA BOA VECIÑA (GUITIRIZ). Actuación de emerxencia	22.214,72€	160 61900
REPOSICION DE INFRAESTRUTURA MUNICIPAL DE SANEAMENTO EN RUA PARALELA Á ESTACIÓN EN PARGA (GUITIRIZ).	31.542,72€	160 61900
OBRAS DE CONSERVACION NA CASA BARXA. 2ª FASE.	9.059,46€	334 21000
APARCAMENTO DISUASORIO NA RUA TRALOUTEIRO.	47.459,00€	153 61900
MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA RUA TRALOUTEIRO.	47.755,31€	153 61900
INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE VEHICULOS ELÉCTRICOS. Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sostible (Programa MOVES II) anualidade 2020. Recursos propios	5.895,12€	170 21000
ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	3.000,00	334 22799
TOTAL	397.657,51 €	





Concello de Guitiriz

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descripción	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	397.657,51 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que nos atopamos ante a primeira modificación de crédito do ano 2022 e non levamos mais que tres meses pero parece que a costume nestes casos ten forza de lei, pois non hai pleno que non haxa modificación de crédito de case 400.000 euros e ao final de ano estamos sen cartos e polo tanto sen remanente e no caso dunha urxencia non poderíamos facerlle fronte e teríamos que pedir un crédito bancario. Si seguimos a este ritmo e gastamos 400.000 euros en modificacións de crédito en cada Pleno, e aínda quedan catro plenos, suporía un desembolso de 1.600.000 euros, por iso é moi certa a recomendación do Interventor que pide prudencia no gasto e que hai que controlar o gasto para que sempre haxa remanente polo que poida vir e poder paliar as necesidades perentorias que podan xurdir.

Tamén nos recorda que unha vez que fagamos estas modificacións de crédito o Concello de Guitiriz entrará en inestabilidade orzamentaria a pesar de que o obxectivos de estabilidade, débeda pública e a regra de gasto aprobada polo Goberno de España son inaplicables por estar aprobada a suspensión, para as modificacións dos orzamentos das entidades locais segue sendo de aplicación a normativa contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 marzo e a súa normativa de desenvolvemento e polo tanto hai que cumprila. Danos a sensación que este goberno municipal socialista amparándose nesa suspensión, debido a pandemia producida pola Covid 19, pensa que todo o monte é ourego e pode estar pedindo modificacións de crédito en cada Pleno. Polo tanto axústense as recomendacións que lles fai o Sr. Interventor para así ter remanente sempre.

O voceiro do BNG di que esta modificación orzamentaria por crédito extraordinario que vai levar a cabo o equipo de goberno xa é sobre o orzamento que se aprobou hai tres meses, vanse engadir 397.657,51 euros do remanente de tesourería, e dicir, do montante que ten aforrado o concello ou, para que me entendan mellor os que nos escoitan na casa, do que se vai acumulando ano tras ano das partidas dos orzamentos que non se levan a cabo ou que non se poden levar a cabo. Tíñamos de remanente 1.925.236 euros e agora con este gasto quedan no remanente 1.527.578,49 euros.

Destes 397.657 euros que van a gastar do remanente 161.029 euros son para actuacións que hai que facelas necesariamente como a “reposición infraestrutura municipal de saneamento na Rúa do Concello e na rúa Boa Veciña” con 22.214 euros ou a “reposición do saneamento na Rúa paralela a estación de Parga” con 31.542 euros. Tamén son necesarios os 9.059 euros para a conservación da segunda fase da casa Barxa.





Concello de Guitiriz

Despois por vontade propia deciden investir 47.755 euros en facer novas beirarrúas na Rúa Tralouteiro, entendemos que antes de facer estas beirarrúas hai outras necesidades en estradas ou avenidas do Concello, tanto en Guitiriz como en Parga, queremos dicir que primeiro son as que non teñen beirarrúas, hai moitas sen elas, despois mellorar as que xa as teñen.

Van a gastar tamén 47.459 euros en outro aparcamento en Guitiriz cando temos un aparcamento ou mais ben un prado alugado que non fai o uso que debería facer. Este prado moi grande entre a Rúa Boa Veciña e a N-VI non fai o servizo que debería porque non está acondicionado, si eses cartos que van empregar no novo prado os empregasen no que temos alugado e o acondicionasen como e debido teríamos un gran aparcamento e moi céntrico.

O resto de cartos 236.628 euros que sacan do remanente son para complementar as subvencións ou axudas que o concello ten que aportar como engadido a esas subvencións, porque todas elas teñen un suplemento adicional por parte do Concello entre un 20 ou 30 % da cantidade que se recibe de outras administracións.

Esas dúas actuacións que van a facer na Rúa Tralouteiro, dende o BNG entendemos que non son as mais adecuadas, estamos a falar de 95.214 € que estarían mellor empregados no aparcamento que temos alugado e noutras estradas que carecen de beirarrúas.

A Sra. Alcaldesa di que respecto a inestabilidade orzamentaria a que fixo alusión o voceiro do PP efectivamente hai un informe que é obrigatorio por parte de intervención, que nos casos dos créditos extraordinarios ten que informar a cerca da estabilidade orzamentaria, pero esa inestabilidade orzamentaria quere dicir que usamos ingresos que non son ordinarios sinon que corresponden a outros exercicios. Isto pódese facer despois de que se aprobara por maioría absoluta no Congreso dos Deputados, a petición de moitos alcaldes e alcaldesas de toda España, para poder gastar o remanente que se tiña acumulado nos últimos anos e a raíz diso aprobouse a suspensión dos obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gasto para os anos 2020, 2021 e 2022.

Esta inestabilidade orzamentaria da que fala este informe non é unha inestabilidade económica sinon unha inestabilidade orzamentaria a efectos de presuposto, e dicir, que estamos utilizando non so ingresos ordinarios deste exercicio sinon tamén ingresos que non corresponden ao exercicio no que se vai efectuar o gasto.

No expediente consta outro informe de intervención no que di que se informa favorablemente ao expediente de aprobación inicial da modificación orzamentaria por crédito extraordinario 1/2022.

O presuposto do ano pasado tivo unha liquidación satisfactoria, e dicir, os ingresos correntes sufragaron os gastos correntes no ano 2021, non existe endebedamento e a situación económica do Concello de Guitiriz segue estando saneada.

O voceiro do PP di que vostede pode facelo e así o di claramente o Sr. Interventor, pero no punto dous das conclusións o que di é que como consecuencia de todo o exposto no presente informe e a efectos informativos unha vez que entre en vigor a modificación orzamentaria obxecto deste expediente producírase unha situación de inestabilidade orzamentaria entendidos nos termos da consideración segunda, pero esta tamén di que a pesar dos obxectivos de estabilidade, debede pública e regra de gasto aprobadas polo Goberno de España son inaplicables por estar aprobada a suspensión, as modificacións dos orzamentos das entidades locais segue sendo de aplicación a normativa contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Non quere dicir que non o poda facer, senón que a costume ten forza de lei e podemos quedar sen remanente para casos que podan xurdir.

O voceiro do BNG di que el ve un gasto excesivo en cousas que se poderían gastar doutra forma, non me parece moi lóxico que se arranxen beirarrúas cando hai estradas que nin tan





Concello de Guitiriz

sequera as teñen. En canto ao gasto destinado para un novo aparcamento non ten sentido ningún tendo en conta que xa temos un polo que xa pagamos un alugueiro trimestralmente. Si sacan isto a diante é porque teñen maioría.

A Sra. Alcaldesa di que neste crédito extraordinario moitas das partidas van asociadas a subvencións que temos pedidas e outras para actuacións que este equipo de goberno considera que hai que facer e intentara sacalas adiante.

As partidas que non se podan levar a cabo porque non nos concedan as subvencións quedaran no remanente.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, cos votos en contra do BNG e abstención do PP.

Expediente 762/2021. Recurso Reposición Aprobación Definitiva da modificación da RPT (7ª modificación)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes:

“Recurso Reposición Aprobación Definitiva da modificación da RPT (7ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 762/2021.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:

Por acordo plenario de data 30/01/2020 aprobouse definitivamente a modificación da RPT e Texto Refundido da RPT 2020 e publicouse no BOP de data 8/02/2020.

Visto o expediente de aprobación da plantilla de persoal e o orzamento municipal para o ano 2022 onde se consignaron nos orzamentos do ano 2022 as cantidades correspondentes para atender as obrigas económicas que se derivan da modificación da Relación de Postos de Traballo.

Vista a providencia de alcaldía de data 8/8/2021 e os informes do servizo de medio ambiente de data 5/11/2021 e 9/11/2021 e da traballadora Social de data 7/10/2021 sobre as necesidades.

Visto o proxecto explicativo da modificación puntal da RPT (Anexo I), e o Texto refundido da RPT 2021 (Anexo II).

Visto o informe xurídico de secretaría de data 16/11/2021 e o informe de intervención de data 17/11/2021.

Ao amparo do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público e no Estatuto dos Traballadores, e da cláusula 4 do Acordo Marco Regulador do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Guitiriz, someteuse dito proxecto de modificación puntual da RPT a negociación colectiva no marco da Mesa Xeral de Negociación de data 15/11/2021.





Concello de Guitiriz

Por acordo plenario de data 24/11/2021 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2021 (Anexo II) concedendo un trámite de audiencia para a presentación de alegacións durante un período de 20 días, segundo anuncio publicado no BOP de Lugo de data 4/12/2021.

Alegación de 23/12/2021 asinada pola alcaldesa para corrección de erro, no seguinte sentido:

Onde di:

<<(…)

□Ficha nº 23. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (2) (Código 31 e 32) figura como retribucións integras anuais: 10.852,50 euros (actualizado 2019, sen trienios)

□Ficha nº 24. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (3) (Código 33,34,35) figura como retribucións integras anuais: 12.600 euros (actualizado 2019, sen trienios).

(…)>>

Debe dicir:

<< (…)

□Ficha nº 23. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (2) (Código 31 e 32) figura como retribucións integras anuais: 12.661,25 euros (actualizado 2019, sen trienios)

□Ficha nº 24. Posto de Traballo. Peón Brigada Verde (3) (Código 33,34,35) figura como retribucións integras anuais: 15.193,50 euros (actualizado 2019, sen trienios).

(…)>>

Vistas as seguintes alegacións presentadas :

1-Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF, con RE Nº 1381 de 30/11/2021

2-Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF, con RE Nº 1528 de 30/12/2021

3-María Mercedes Tella Neira, con RE nº 5793 de 31/12/2021.

4-Juan Carlos Díaz Mendez, con RE nº 5792 de 31/12/2021.

5-Horacio Prado Miragaya, con RE nº 5791 de 31/12/2021.

6-Antonio Garcia Torres con RE 44 de 4/01/2022.

7-Maria del Carmen Montes Vazquez con RE nº 45 de 4/01/2022.

8-José Antonio Gomez Perez con RE nº 120 de 5/01/2022 (extemporánea)

9-Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Unión Sindical Obrera (USO) con RE 127 de 7/01/2022 (extemporánea)

Visto o informe xurídico de secretaría de data 17/01/2022 no que conclúe que:

“Procede a inadmisión das alegacións relativas a falta de actualización retributiva da RPT.

Procede a inadmisión da alegación sobre a ficha número 22 da RPT, coa denominación de “Peón coordinador Brigada Verde”, e, sen prexuízo de que proceda





Concello de Guitiriz

a súa estimación por motivos de oportunidade política.

Procede a inadmisión das alegacións relativa a diversos aspectos presentada por Unión sindical Obrera."

Visto o informe de intervención de data 18/01/2022.

Visto o acordo plenario de data 27/01/2022 onde se aproba definitivamente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2021 (Anexo II), acordándose:

"PRIMEIRO.- Contestar as alegacións presentadas no trámite de audiencia da modificación da RPT no seguinte sentido, de acordo co informe xurídico de secretaría que obra no expediente e as argumentacións da alcaldía respecto das que teñen un carácter de oportunidade política nos seguintes termos:

A) Falta de actualización retributiva da RPT (alegación de sindicato CSIF de data 30/12/2021 e RE 1528, de María Mercedes Tella Neira, con RE nº 5793 de 31/12/2021, Juan Carlos Díaz Mendez, con RE 5792 de 31/12/2021, Horacio Prado Miragaya, con RE 5791 de 31/12/2021, Antonio Garcia Torres con RE 44 de 4/01/2022, Maria del Carmen Montes Vazquez con RE 45 de 4/01/2022, José Antonio Gomez Perez con RE 120 de 5/01/2022)

As alegacións presentadas cumpren os requisitos para a súa admisión, ao ser presentados en tempo e forma (excepto a de Jose Antonio Gómez Pérez que é extemporánea), si ben procede a súa desestimación polos seguintes motivos:

1) A RPT constitúe o instrumento básico, de carácter técnico, a través do cal se realiza pola Administración a ordenación do persoal, dacordo coas necesidades dos servizos e con expresión dos requisitos exixidos para o seu desempeño, mentres que as Plantillas constitúen un Instrumento de carácter presupostar, cuxo obxecto é enumerar todos os postos de traballo coa imputación do gasto total polas retribucións que corresponde a cada un.

O Tribunal Supremo destaca a distinta natureza que teñen o Orzamento municipal e a RPT, que constitúen realidades distintas. Así o pon de manifesto na Sentenza de 20 de maio de 2011, que, partindo desta distinta natureza do orzamento e a RPT, declara que o documento que debe respetar o incremento de retribucións dos funcionarios de Administración Local que establece anualmente a Ley de Presupostos do Estado, é o orzamento municipal, e non outro:

"La sentencia desestima el recurso, porque sigue la doctrina fijada por la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008 (...). Según la cual, el documento que ha de respetar el incremento de retribuciones de los funcionarios de Administración local que establece anualmente la Ley de Presupuestos Generales del Estado , es el presupuesto municipal , y no otro. Por ello dice esa sentencia: «En consecuencia, es posible que la RPT no se ejecute en su totalidad en el ejercicio presupuestario , precisamente por los límites previstos en los presupuestos o por otras circunstancias.» Por ello, para la sentencia citada del Tribunal Supremo y obviamente para la sentencia aquí recurrida, puede ocurrir que la RPT que contiene las





Concello de Guitiriz

retribuciones complementarias como el complemento específico, no se ejecute en un solo año, en el año en que se aprueba, sino que se puede diferir en dos o más años, por lo que, no cabe imputar al acuerdo aprobatorio de la RPT el no respetar el límite de incremento de retribuciones fijado en la Ley de Presupuestos Generales del Estado . (...)

La doctrina de la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008, contempla también el caso de que la RPT contenga plazas que se han de convocar, y que necesariamente no se convoquen en el ejercicio en que se aprueba la RPT , por ello dice que el acuerdo aprobando la RPT no infringe la Ley de Presupuestos Generales del Estado sobre el límite de incremento retributivo, y lo procedente, sigue diciendo la sentencia, es que se impugne el acuerdo que apruebe los presupuestos municipales y no el acuerdo que apruebe la RPT , pues es el acuerdo que aprueba los presupuestos el que puede infringir el tope o límite de aumento de las retribuciones, y no el que aprueba la RPT”.

Na mesma liña se pronuncia a Sentencia do Tribunal Supremo de data 30 de xuño de 2011.

Neste senso, consultado coa tesourería e intervención municipal, sobre actualización de cuantías retributivas con motivo da aprobación do presuposto realizado en sesión plenaria de data 27 de decembro de 2021, confirmouse dita actualización, aspecto que para maior seguridade xurídica deberá consignarse no expediente mediante informe de intervención,

Por outra banda, dende o punto de vista da eficacia na tramitación administrativa, non parece ter moito sentido que cada modificación puntual da RPT, implicase a súa actualización retributiva e neste caso estamos ante unha modificación puntual que afecta a creación de dous postos de traballo e que non incide nas cuantías retributivas do conxunto dos traballadores.

Engadir, ademais, que poden transcurrir moitos anos dende que se aproba unha RPT e se produce unha nova modificación da mesma, sen que exista norma algunha que obrigue a realizar ditas actualizacións retributivas con carácter anual, precisamente porque o instrumento adecuado para elo é o presuposto municipal.

B) Incorrección das fichas da RPT (alegación de sindicato CSIF de data 30/12/2021 e RE 1528 e Juan Carlos Díaz Mendez, con RE 5792 de 31/12/2021), respecto a estas alegacións procede remitirse ao informe xurídico de Secretaria nos seguintes termos:

“Alegacións presentadas por Juan Carlos Díaz Méndez e o sindicato CSIF, en canto que na ficha número 22 da RPT, a pesar de figurar na denominación como “Peón Coordinador Brigada Verde”, desaparecen as funcións concretas en que consiste tal coordinación.

Dende o punto de vista estritamente formal, procede a súa inadmisión, xa que non son presentadas en tempo e forma, posto que non e correcto o manifestado sobre que foi o acordo plenario de data 24 de novembro de 2021 o que realizou a modificación de ditas fichas da RPT, senón que a mesma xa se produciu no texto refundido de RPT





Concello de Guitiriz

aprobado mediante acordo plenario en data de 30 de xaneiro de 2020, polo que estamos ante un acto firme, ao non ser recorrido en tempo e forma.

Así, os acordos adoptados en sesión plenaria de data 24 de novembro de 2021 se circunscriben a unha serie de modificacións puntuais que non afectan ao posto de ficha número 22 da RPT de Peón Coordinador Brigada Verde, polo que non se pode recorrer algo que non foi obxecto de acordo.

Non obstante poden estimarse alegación por motivos de oportunidade e non de estrita legalidade, considerando a oportunidade da estimación de dita alegación posto que:

1) No proxecto de modificación da RPT de data 19 de novembro de 2019, no seu punto 4.2 faise referencia a que: "Actualízase puntualmente as funcións de varios postos de traballo....", si ben non se concreta exactamente en que consisten ditas actualizacións.

Sen que no acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2020 se concreten exactamente cales son as funcións actualizadas, polo que parece tratarse mais ben dun erro, xa que en relación coa actual ficha numero 22, denominada "Peón Coordinador Brigada Verde", desaparecen as funcións de coordinación propiamente ditas, que previamente a dita modificación eran: "tarefas propias de coordinación da limpeza e mantemento de espazos publicos, vías publicas, camiños, rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas", polo que si se tratase dunha actualización debería especificarse as mesmas ou outras, pero simplemente se omiten. Neste senso, de estimarse que efectivamente se trata dun erro, sería aconsellable a súa incorporación na actual ficha de RPT número 22 concretamente as seguintes funcións: "tarefas propias de coordinación da limpeza e mantemento de espazos publicos, vías publicas, camiños, rutas de sendeirismo, zonas verdes, parques, xardíns, instalacións deportivas", que constaban na ultima RPT aprobada (ano 2013) previamente a modificación do acordo plenario de data 30 de xaneiro de 2020."

C) Alegacións sobre unha serie de aspectos xenéricos que deberían constar na RPT (alegación da Unión sindical Obrera con RE 127 de 7/01/2022 e alegación do sindicato CSIF con RE 1528 de 30/12/2021)

En relación a alegación da Unión sindical Obrera remítome ao manifestado no informe xurídico nos seguintes termos: "Procede a súa inadmisión por presentación extemporánea, posto que o período de información pública de 20 días hábiles en cumprimento do acordo plenario de data 24 de novembro de 2022, o prazo rematou en data 4/01/2022.

Non obstante os motivo alegados non poden ser obxecto de estimación, xa que o obxecto do recurso debe estar relacionado cos acordos adoptado na sesión plenaria de data 24 de novembro de 2021.

Por outra banda e dunha análise inicial tampouco parece que exista motivo para atender ditas demandas, xa que salvo erro en relación a demandas como cubrir as prazas vacantes ou estabilizar o emprego público temporal, bastaría con analizar as modificacións das RPTS e anexos de persoal dos anos 2017 a 2020, tanto respecto das prazas que se inclúen como respecto do seu nivel de execución en OEP





Concello de Guitiriz

correspondente, constando en ditos expedientes información de que nas ofertas de emprego público dos anos 2017 a 2021 ofertáronse en emprego público 52 prazas sobre un total de 75 prazas e sen prexuízo de que devanditas OEP non consten como executadas na súa totalidade.”

Con respecto a alegación do sindicato CSIF sobre a ficha nº 21. Posto de traballo: Peón Servicios Múltiples, onde se crea un novo posto, que se denomine Peón Conductor Servicios, propónse a súa desestimación porque no momento da creación e configuración de prazas de nova creación, corresponde ao Grupo de Goberno a súa configuración (nome, características, funcións, retribucións, etc.), atendendo as necesidades existentes e ao interese público, e sempre de acordo cos principios de legalidade, eficacia e eficiencia.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz, de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT e o Texto refundido da RPT ano 2021 que se transcribe integramente a continuación coas modificacións correspondentes as alegacións parcialmente estimadas (na ficha nº 22) e a corrección na retribucións das fichas nº 23 e 24.

TERCEIRO.- Publicar a RPT (anexo II. Texto Refundido da RPT para o ano 2021) aprobada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

Anuncio publicado no BOP de Lugo de data 8/02/2022

Recurso de Reposición interposto por Daniel Otero Castiñeira en representación do Sindicato CSIF con data 25/02/2022 e RE 198 contra a aprobación definitiva da modificación puntual da RPT vixente do Concello de Guitiriz.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 15/03/2022 do seguinte teor literal:

“Expediente de modificación da RPT (7ª modificación). Texto refundido RPT 2021. Expte 762/2021.

Pablo Portela Fernández, Secretario do Concello de Guitiriz, de acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 05/08/2021 e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte INFORME:

PRIMEIRO.- Antecedentes.

(...)

SEGUNDO.- Lexislación aplicable.

A Lexislación aplicable no procedemento de modificación da RPT é a seguinte:

1. Os artigos 31 a 39 e 69 a 77 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP).
2. Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.





Concello de Guitiriz

3. Os artigos 22.2.i), 90.2, 92 e 92 bis da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
4. Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
5. O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
6. Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRET).
7. O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
8. O artigo 18 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

TERCEIRO.-Análise da lexitimación para recurrir.

A preceptiva negociación sindical debe realizarse en relación as propostas plantexadas polo grupo de goberno aos órganos decisorios, xa que o contrario, implicaría desvirtuar a articulación democrática da administración local, en canto que non pode ser a iniciativa negociadora dos sindicatos a que marque a pauta do obxecto da negociación en relación aos acordos que pretende adoptar o grupo de goberno, senón que a mesma debe articularse en base as propostas do mesmo, no seu marco competencial e na súa función de representación dos cidadáns nos termos do artigo 23.1 da Constitución. A función dos sindicatos consiste nunha representación dos intereses dos traballadores, que debe articularse no marco dun procedemento administrativo

A este respecto, tanto as alegacións presentadas na fase de información pública, como o presente recurso de reposición, en relación á falta de actualización retributiva dunha serie de traballadores, en ningún caso afectaría a aspectos incluídos na proposta de Alcaldía para modificación de RPT, acordada en data de 27 de xaneiro de 2022 , que procede lembrar que estaba referida fundamentalmente a:

Modificación Ficha 04. De Técnico/a Emprego e Desenvolvemento Local (código 04) e Creación de 2 novos postos como persoal laboral fixo que son necesarios na Sección de Servizos Sociais e na de Medio Ambiente

Por tanto, se trata dunha modificación puntual que afecta a dous postos de traballo que se crean ex novo e a modificación doutro, e non aos restantes postos de traballo de persoal do concello, polo que dificilmente pode entenderse que o Sindicato recorrente teña lexitimación para presentar recurso, posto que ningún prexuízo se deriva para os seus representados do acordo adoptado, posto que no está referido a actualización retributiva, que sería o obxecto do recurso.

Neste senso, o artigo 4 da Lei 39/2015 sinala que están lexitimados para interposición de recurso os titulares de intereses lexítimos.

Concretando a xurisprudencia que se entende por interes lexítimo ou dereito subxectivo e así procede citar a Sentencia de la Audiencia Nacional, Sala do Contencioso administrativo, Sección Cuarta, de fecha 6 de julio de 2016:





Concello de Guitiriz

“En relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que “la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”.

A interpretación do Constitucional sobre a lexitimacion dos sindicatos ven regulada na STC 148/2014, de 22 de septiembre (RTC 2014, 148), nos seguintes termos:

“En relación con la legitimación de los sindicatos, en la STC 202/2007, de 24 de septiembre (RTC 2007, 202) , sistematizando nuestra doctrina, recordamos que ha de partirse de “un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar ante los órganos del orden jurisdiccional contencioso-administrativo decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Así, hemos dicho que los sindicatos desempeñan, tanto por el reconocimiento expreso de la Constitución (arts. 7 y 28) como por obra de los tratados internacionales suscritos por España en la materia, una función genérica de representación y defensa de los intereses de los trabajadores que no descansa sólo en el vínculo de la afiliación, sino en la propia naturaleza sindical del grupo. La función de los sindicatos, desde la perspectiva constitucional, no es únicamente la de representar a sus miembros a través de esquemas propios del Derecho privado, pues cuando la Constitución y la Ley los invisten con la función de defender los intereses de los trabajadores, les legitiman para ejercer aquellos derechos que, aun perteneciendo en puridad a cada uno de los trabajadores, sean de necesario ejercicio colectivo, sin estar condicionados a la relación de pretendido apoderamiento ínsita en el acto de afiliación. Por esta razón, es posible, en principio, reconocer legitimado al sindicato para accionar en cualquier proceso en que estén en juego intereses colectivos de los trabajadores (por todas, SSTC 101/1996, de 11 de junio (RTC 1996, 101) , 203/2002, de 28 de octubre (RTC 2002, 203) , 142/2004, de 13 de septiembre (RTC 2004, 142) , y 28/2005, de 14 de febrero (RTC 2005, 28))”





Concello de Guitiriz

No obstante, esa xenérica lexitimación abstracta dos sindicatos debe ter unha proxección particular sobre o obxecto dos recursos que entablen ante os Tribunais, mediante un vínculo ou conexión entre a organización que acciona e a pretensión exercitada, pois como manifesta a STC 210/1994, de 11 de julio, no seu Fx 4:

“ la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en **guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer**. La conclusión es que la legitimación procesal del sindicato en el orden jurisdiccional contencioso-administrativo se ha de localizar en la noción de interés profesional o económico; concepto este que ha de entenderse referido en todo caso a un interés en sentido propio, cualificado o específico, y que doctrinal y jurisprudencialmente viene identificado en la obtención de **un beneficio o la desaparición de un perjuicio en el supuesto de que prospere la acción intentada**, y que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esto es, tiene que existir un vínculo especial y concreto entre el sindicato (sus fines, su actividad, etc.) y el objeto del debate en el pleito de que se trate (SSTC 7/2001, de 15 de enero (RTC 2001, 7) , FJ 5; y 24/2001, de 29 de enero (RTC 2001, 24) , FJ 5)”.

Así, o acordo adoptado en sesión plenaria de data 27 de xaneiro de 2021 sobre modificación da RPT, se circunscribe a unha serie de modificacións puntuais de postos de traballo, que non afectan as retribucións dos traballadores representados polo sindicato recorrente, polo que ningún perxuízo se lles pode xenerar cando o acordo adoptado non incide sobre as mesmas, polo que cabe concluir a falta de lexitimación do sindicato recorrente e sen perxuízo de que no caso de entendela lexitimado, procedese a desestimación como logo se argumenta. Por outra banda, non consta invocación algunha de norma incumplida pola administración en relación ao recurso presentado, polo que invocando a xurisprudencia citada do TS, non queda acreditado: “que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento” .

En canto a lexitimación para recurrir a denominación dun posto de traballo, tampouco parece derivarse perxuízo da forma de articular un posto concreto na proposta de acordo presentado polo grupo de goberno, no caso de denominarse peón de servizos múltiples en vez de peón condutor de servizos, e non existe argumentación no recurso presentado que xustifique o porque do suposto perxuízo, polo que tampouco parece concurrir neste caso lexitimación do sindicato recorrente. Elo, sen perxuízo de que sexa unha facultade de Alcaldía, a articulación da forma da organización do persoal na RPT, tal e como sinala a STS de 26 de febreiro de 2014, recurso 3931/2012:

“La primera es que, en lo relativo a la creación, modificación y supresión de puestos de trabajo, a través del acto administrativo de aprobación o modificación de la correspondiente RPT, la Administración pública goza de la amplísima discrecionalidad





Concello de Guitiriz

que es inherente a su potestad de autoorganización; y esta discrecionalidad opera tanto en lo referido a apreciar los hechos que puedan justificar esas decisiones administrativas, como en lo tocante al contenido de las soluciones o medidas organizativas en que haya de exteriorizarse la decisión de la Administración.

La segunda es que esa muy amplia discrecionalidad tiene como límite la interdicción de la arbitrariedad (artículo 9.3 CE) pero esta arbitrariedad debe quedar descartada cuando, en el contexto de las circunstancias en que fue adoptada, sean de apreciar unos mínimos elementos que permitan advertir que la decisión de la Administración no es gratuita y tiene una razonable justificación..."

Polo que tampouco cabe entender que neste punto existe lexitimación do sindicato recorrente en defensa dos seus representados e sen perxuício de que no caso de entendela lexitimado, procedese a desestimación como logo se argumenta. Por outra banda, non consta invocación algunha de norma incumplida pola administración en relación ao recurso presentado sobre a configuración do posto de traballo, polo que invocando a xurisprudencia citada do TS, non queda acreditado: "que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento".

Por outra banda e a pesar da falta de lexitimación exposta, en canto ao prazo para interpoñer recurso de reposición, fronte as actualizacións retributivas sería extemporáneo, posto que non foi o acordo plenario de data 27 de xaneiro de 2021 o que realizou a modificación de ditas fichas da RPT, senón que a mesma xa se produciu no texto refundido de RPT aprobado mediante acordo plenario en data de 30 de xaneiro de 2020, que xa establecía que a actualización retributiva o era, en relación ano 2019, polo que ao non ser obxecto de recurso estamos ante un acto firme, ao non ser recurrido en tempo e forma.

A pesar da falta de lexitimación exposta e do carácter extemporáneo do recurso en relación a reclamación sobre a falta de actualizacións retributivas e a efectos de maior claridade e transparencia procede analizar o fondo do asunto.

CUARTO.-Análise dos motivos de recurso presentados.

3.1.- Falta de actualización retributiva da RPT- A mesma foi obxecto de informe en data de 17 de xaneiro de 2022, na que se argumentaba o seguinte:

"As alegacións presentadas cumpren os requisitos para a súa admisión, ao ser presentados en tempo e forma (excepto a de Jose Antonio Gómez Pérez que é extemporánea), si ben procede a súa desestimación polos seguintes motivos:

1) A RPT constitúe o instrumento básico, de carácter técnico, a través do cal se realiza pola Administración a ordenación do persoal, dacordo coas necesidades dos servizos e con expresión dos requisitos exixidos para o seu desempeño, mentres que as Plantillas constitúen un Instrumento de carácter presupostar, cuxo obxecto é





Concello de Guitiriz

enumerar todos os postos de traballo coa imputación do gasto total polas retribucións que corresponde a cada un.

O Tribunal Supremo destaca a distinta natureza que teñen o Orzamento municipal e a RPT, que constitúen realidade distintas. Así o pon de manifesto na Sentenza de 20 de maio de 2011, que, partindo desta distinta natureza do orzamento e a RPT, declara que o documento que debe respetar o incremento de retribucións dos funcionarios de Administración Local que establece anualmente a Ley de Presupostos do Estado, é o orzamento municipal, e non outro:

“La sentencia desestima el recurso, porque sigue la doctrina fijada por la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008 (...). Según la cual, el documento que ha de respetar el incremento de retribuciones de los funcionarios de Administración local que establece anualmente la Ley de Presupuestos Generales del Estado , es el presupuesto municipal , y no otro. Por ello dice esa sentencia: «En consecuencia, es posible que la RPT no se ejecute en su totalidad en el ejercicio presupuestario , precisamente por los límites previstos en los presupuestos o por otras circunstancias.» Por ello, para la sentencia citada del Tribunal Supremo y obviamente para la sentencia aquí recurrida, puede ocurrir que la RPT que contiene las retribuciones complementarias como el complemento específico, no se ejecute en un solo año, en el año en que se aprueba, sino que se puede diferir en dos o más años, por lo que, no cabe imputar al acuerdo aprobatorio de la RPT el no respetar el límite de incremento de retribuciones fijado en la Ley de Presupuestos Generales del Estado . (...)

La doctrina de la sentencia del Tribunal Supremo de 14 de julio de 2008, contempla también el caso de que la RPT contenga plazas que se han de convocar, y que necesariamente no se convoquen en el ejercicio en que se aprueba la RPT , por ello dice que el acuerdo aprobando la RPT no infringe la Ley de Presupuestos Generales del Estado sobre el límite de incremento retributivo, y lo procedente, sigue diciendo la sentencia, es que se impugne el acuerdo que apruebe los presupuestos municipales y no el acuerdo que apruebe la RPT , pues es el acuerdo que aprueba los presupuestos el que puede infringir el tope o límite de aumento de las retribuciones, y no el que aprueba la RPT”.

Na mesma liña se pronuncia a Sentencia do Tribunal Supremo de data 30 de xuño de 2011.

Neste senso, consultado coa tesourería e intervención municipal, sobre actualización de cuantías retributivas con motivo da aprobación do presuposto realizado en sesión plenaria de data 27 de decembro de 2021, confirmouse dita actualización, aspecto que para maior seguridade xurídica deberá consignarse no expediente mediante informe de intervención,

Por outra banda, dende o punto de vista da eficacia na tramitación administrativa, non parece ter moito sentido que cada modificación puntual da RPT, implicase a súa actualización retributiva e neste caso estamos ante unha modificación puntual que afecta a creación de dous postos de traballo e que non incide nas cuantías retributivas do conxunto dos traballadores.

Engadir, ademais, que poden transcurrir moitos anos dende que se aproba unha RPT





Concello de Guitiriz

e se produce unha nova modificación da mesma, sen que exista norma algunha que obrigue a realizar ditas actualizacións retributivas con carácter anual, precisamente porque o instrumento adecuado para elo é o presuposto municipal.”

Establecendo o informe de intervención, de data 18 de xaneiro de 2022, a este respecto que:

“A valoración como insuficiente do crédito previsto para unha serie de cuestións, non é compartida polo informante: o orzamento do concello de Guitiriz está configurado, real e potencialmente, para dar cobertura a calquera obrigación legal concreta e cuantificada que sexa aprobada en calquera momento conforme a dereito (como son as contidas nas leis de orzamentos do Estado), obrigación reforzada por art. 187 do RDLeg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -TRLRHL-, que dispón “A expedición das ordes de pago haberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesouraría que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal”.

En razón do exposto, propónse a desestimación das Reclamacións presentadas, tendo en conta tamén o informe de secretaría 2022-0007 de data 17/01/2022.”

Non se aportan elementos que desvirtuen o argumentado nos devanditos informes, polo que non procedería a estimación deste motivo de recurso.

3.2.- Incorrección das fichas da RPT

No acordo da sesión plenaria de data xa foi abordada esta alegación, co seguinte resultado:

“Con respecto a alegación do sindicato CSIF sobre a ficha nº 21. Posto de traballo: Peón Servicios Múltiples, onde se crea un novo posto, que se denomine Peón Conductor Servicios, propónse a súa desestimación porque no momento da creación e configuración de prazas de nova creación, corresponde ao Grupo de Goberno a súa configuración (nome, características, funcións, retribucións, etc.), atendendo as necesidades existentes e ao interese público, e sempre de acordo cos principios de legalidade, eficacia e eficiencia.”

Neste senso, as RPT son actos discrecionais como expresión dos recursos humanos con que cada administración idealmente pretenda dotarse. O único límite para que prosperara o recurso, sería que a discrecionalidade da entidade local en canto á preparación da modificación presentara tintes de arbitrariedade.

Así a STS de 26 de febreiro de 2014, recurso 3931//2012, recalca este aspecto coa seguinte redacción:

“La primera es que, en lo relativo a la creación, modificación y supresión de puestos de trabajo, a través del acto administrativo de aprobación o modificación de la correspondiente RPT, la Administración pública goza de la amplísima discrecionalidad que es inherente a su potestad de autoorganización; y esta discrecionalidad opera tanto en lo referido a apreciar los hechos que puedan justificar esas decisiones administrativas, como en lo tocante al contenido de las soluciones o medidas





Concello de Guitiriz

organizativas en que haya de exteriorizarse la decisión de la Administración.

La segunda es que esa muy amplia discrecionalidad tiene como límite la interdicción de la arbitrariedad (artículo 9.3 CE) pero esta arbitrariedad debe quedar descartada cuando, en el contexto de las circunstancias en que fue adoptada, sean de apreciar unos mínimos elementos que permitan advertir que la decisión de la Administración no es gratuita y tiene una razonable justificación..."

Ningún motivo de recurso se aporta a efectos de entender que existe arbitrariedad na adopción do acordo, polo que non procede a estimación deste motivo de recurso.

3.3.Falta de negociación real e efectiva.

O motivo de recurso invocado en relación ao acordo adoptado sobre as actualizacións retributivas, que seria o artigo 37.1.m), non se entende aplicable, senón que o motivo esgrimido debería ser o artigo 37.1.k, concretamente: "Las que afecten a las condiciones de trabajo y a las retribuciones de los funcionarios, cuya regulación exija norma con rango de ley."

En calquera caso, sí existe negociación, constando a estos efectos celebración de mesa de negociación en data de 17 de novembro de 2021, si ben non se tratou o tema da actualización retributiva posto que non era obxecto do acordo proposto, que como explicamos versaba fundamentalmente sobre modificación puntual que afecta a dous postos de traballo, que se crean ex novo e a modificación das condicións doutro.

Tampouco pode entenderse que a decisión da creación dun posto de traballo cunhas características determinadas, que como sinala a xurisprudencia citada, obedece á amplísima discrecionalidade que e inherente a súa potestade de autoorganización, afecte as condicións do artigo 37.1.k, no relativo a que afecta as condicións de traballo, porque non se discuten as mesmas senón a súa denominación. En calquera caso, sí consta mesa de negociación celebrada en data de 17 de novembro de 2021, en cuxa acta recolleuse o manifestado pola Sra.Alcaldesa sobre o aspecto recurrido, concretamente:

"Os representantes da CSIF interesanse polo motivo de que si a plaza é para a recollida de lixo se crea unha plaza de peón de servizos múltiples. A alcaldesa responde que a plaza de peón de servizos múltiples é máis completa, cubre ese posto de traballo de recollida de lixo e tamen da solución a outras necesidades que poidan surxir no Concello."

Polo que procedería a súa desestimación, ademais de polo argumentado na consideración 3.1 exposta.

SÉTIMO.- CONCLUSIONES.

Proponse a inadmisión do recurso presentado por falta de lexitimación do sindicato recurrente, en canto que non se acredita como manifesta a xurisprudencia do Tribunal Supremo: "que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro,





Concello de Guitiriz

en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”.

De admitirse a lexitimación do sindicato recorrente, procedería a súa desestimación en relación aos motivos de recurso sobre falta de actualización retributiva e incorrección de ficha número 21 da RPT, posto que non se aporta argumentación algunha sobre a ilegalidade de ditos acordos, constando na consideración terceira do presente informe, argumentación suficiente para entendelos conforme a dereito.

De admitirse a lexitimación do sindicato recorrente, procedería a súa desestimación en relación ao motivo de recurso sobre falta de negociación real e efectiva, posto que consta celebración de mesa de negociación en data de 17 de novembro de 2021.”

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Considerando que conforme establece o artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación da Relación de Postos de Traballo e polo tanto a resolución do recurso.

O Pleno da corporación,cos votos favorables do PSOE e BNG e cos votos en contra do PP, adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Inadmitir o recurso presentado por falta de lexitimación do sindicato recorrente, en canto que que non se acredita como manifesta a xurisprudencia do Tribunal Supremo: “que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto, su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”.

De admitirse a lexitimación do sindicato recorrente, procedería a súa desestimación en relación aos motivos de recurso sobre falta de actualización retributiva e incorrección de ficha número 21 da RPT, posto que non se aporta argumentación algunha sobre a ilegalidade de ditos acordos, constando na consideración terceira do presente informe, argumentación suficiente para entendelos conforme a dereito.





Concello de Guitiriz

De admitirse a lexitimación do sindicato recorrente, procedería a súa desestimación en relación ao motivo de recurso sobre falta de negociación real e efectiva, posto que consta celebración de mesa de negociación en data de 17 de novembro de 2021.”

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas.”

Aberto o debate pola Presidente o voceiro do PP di que o Grupo Popular deste concello non esta en contra da creación deses novos postos de traballo, o que non entendemos é a modificación das condicións doutro posto, xa que si se crea por primeira vez, si as condicións de traballo son diferentes como así consta na propia denominación do posto de traballo o salario ten que ser distinto e non xogar a querer converter o posto de peón servizos múltiples en peón condutor de servizos xa que non é o mesmo.

Nós o que entendemos é que o goberno deste concello o que quere é “aproveitarse” neste momento deste posto de traballo da persoa que se xubilou e que o novo traballador faga o traballo que a outra persoa facía e que ademais conduza e faga o traballo que a maiores se lle encomende como peón. Ao principio o traballador/a pode que faga os traballos, mais cando se dea conta que so ten que facer traballos derivados de peón condutor de servizos no propio camiión ou camioneta que conduza e non calquera tipo de traballo xa que o servizo na súa denominación non contempla que sexan servizos múltiples senón servizos en canto él é peón condutor.

Por outra banda por ser un peón condutor de servizos o salario non so ten que ser distinto ao salario de peón de servizos múltiples senón que ten que ser mais cuantioso economicamente.

O voceiro do BNG di que no pleno de xaneiro xa dicíamos que levaba a engano o texto da RPT aos propios traballadores/as cando non se actualizan anualmente os salarios que perciben. Tamén dicíamos que o que marca o salario dos empregados/as ou funcionarios/as son os orzamentos de cada ano do Concello aplicando a subida que marcan dende o Goberno do Estado para as administracións públicas. Parécenos lóxico que os/as traballadores/as reclamen a posta o día do seu salario na RPT xa que a modificación dunhas cifras anualmente sería o mais lóxico e non é nada do outro mundo.

Se repasamos a Relación de Postos de Traballo posto por posto aprécianse os erros que ten, faría falta unha revisión traballada e detallada de cada posto de traballo, non pode ser, por exemplo, que cobre o mesmo ou que non se diferencie un peón que un peón coordinador.

O BNG propón que se faga unha nova modificación, cunha descrición de cada posto de traballo e que se detalle rigorosamente o traballo que ten que facer cada ficha da RPT, para que cada posto sexa valorado polo traballo que lle marca a súa ficha e non polo que o alcalde ou alcaldesa de quenda lle pete en cada momento.

A Alcaldesa di que ela tamén creo que se necesita facer unha nova RPT pero o que traemos hoxe ao Pleno non é sobre unha nova RPT.

En canto ao de actualizar os soldos na RPT todos os anos non é tan fácil xa que implica traela ao Pleno para a súa aprobación inicial, exposición pública etc. e todo iso implica moito traballo que en realidade non é necesario posto que os salarios veñen marcados pola Lei de Presupostos do Estado e nos orzamentos de cada ano van os salarios actualizados.

O salario que cobraba a persoa que se xubilou non era superior ao que se lle vai asignar a este posto de traballo que se esta creando e si mal non recordo é o salario mais alto asignado aos postos de peón do concello porque é o que más funcións ten. Temos que ter en conta que este é un concello pequeno e os traballadores/as teñen que ter certa versatilidade para facer os traballos, posto que o concello non se pode permitir ter un traballador/a para arranxar





Concello de Guitiriz

beirarrúas, un/unha que só varra, etc. xa que non é viable para un concello pequeno como é este.

O voceiro ddo PP di que da a sensación de que vostedes o que pretenden facer con este peón condutor de servizos que non especifica múltiples, é que, ademais de conducir faga servizos múltiples, e dicir, un traballador/a polivalente, pero o que ten que facer ese traballador/a son servizos que teñen que ver coa condución do vehículo máis non cos servizos múltiples.

Hai que determinar as funcións de cada posto de traballo para que logo non haxa problemas.

O voceiro do BNG di que hai que facer unha descrición posto por posto, é urxente facer unha modificación profunda da RPT.

A alcaldesa di que nunca lle vai a negar a un traballador/a os seus dereitos pero tamén hai que esixirle os seus deberes posto que todo o mundo ten que cumprir coas súas responsabilidades.

Intentaremos facer unha RPT o mais definida posible.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e cos votos en contra do PP.

Expediente 274/2022. Moción BNG relativa as actuacións que deben impulsar os gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstención: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

“MOCIÓN RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS DE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñecese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. E polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano





Concello de Guitiriz

antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel de automoción subiu un 29%, o diésel da calefacción un 50% e a gasolina un 26% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco o explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, e depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxe... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.
2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.





Concello de Guitiriz

3. Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.
4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.
5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.
6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.
7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de Inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.
8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso a xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.
9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.
10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento."

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que estamos practicamente de acordo con case todo.

A situación actual é moi preocupante e todo goberno debería reaccionar de forma áxil cando moitas familias observan angustiadas o seu futuro e a gran maioría dos sectores esenciais da nosa economía sofren tantas dificultades. É certo que a invasión de Ucraína está a agravar a situación económica pero tamén o é que España leva anos sendo vítima dun proceso de encarecemento progresivo da enerxía, os prezos da electricidade multiplicáronse por cinco dende o ano 2018, estas subidas están a producir efectos demoledores para as familias, para o sector primario, para a industria, especialmente a electro intensiva e para todo o mundo.

Así mesmo a inflación non comezou o mes pasado, a peche do ano 2021 era de 6,5 % maior que nos últimos trinta anos cunha tendencia a alza que levaba consolidándose dende o pasado mes de febreiro que xa pechou cun 7,6%.

Tamén dende hai meses algúns dos nosos sectores produtivos como a Citroen de Vigo e as súas empresas auxiliares, que son moitas, están a padecer os efectos da crise de subministros ameazando a reactivación da economía.

Ante este panorama, que máis se necesita para que o Goberno Central actúe e tome decisión?. Cada día que pasa supón un día mais de perda de emprego, de empobrecemento colectivo, destrución económica e conflito social. Tampouco se comprende o enfoque co que se esta a





Concello de Guitiriz

abordar esta crise como si a solución de todos os problemas estivera nas mans da UE, so hai que ver as decisións que adoptaron outros países europeos no marco das súas competencias (Francia, descontos de 15 céntimos en litro de carburante que se suma a conxelación da tarifa do gas, Portugal aproba un sistema de reembolso de 10 céntimos por litro de combustible que aumenta nos casos dos autobuses e taxis, ademais suspendido o imposto ao carbono e reducido o imposto sobre os produtos petrolíferos, Italia aproba un decreto que reduce en 25 céntimos por litro os impostos de gasóleo e gasolina, Belgica baixada do IVE do gas, de electricidade, do combustible pero tamén tarifas sociais e cheques de 200 euros para consumidores con calefacción de gasóleo, Polonia reducido o IVE do combustible dun 23 a un 8%, ampliadas estas baixadas a produtos de primeira necesidade como alimentos e gas). Se todo isto é posible noutros países europeos porque en España non?

No caso de Galicia as replicas solicitadas na moción do BNG e na do PSOE, son a rebaixa das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica, as dúas estradas de titularidade da Xunta, Coruña-Carballo, AG55 do Val Miñor a AG57 son das máis baratas de España, mais que AP9 e AP53 as autoestradas de titularidade estatal.

A Xunta leva dende o 2010 aplicando bonificacións aos usuarios/as recorrentes do 25% na viaxe de volta que chegan ao 50 na segunda volta. Ademais dende 2019 a Xunta aplica bonificacións do 50% en horario nocturno e dende mediados do ano pasado o goberno galego bonifica o 100% da viaxe de volta para as familias numerosas e ampliou ata 24 horas seguintes a viaxe de ida o período aplicable desconto da viaxe de volta e hai rebaixas nas tarifas da ITV.

A Sra. Alcaldesa di que nas peticións que se fan nesta moción non están contempladas as medidas que se tomaron esta semana e que van entrar en vigor a partir do un de abril.

Con respecto ao primeiro punto teño que recordar que na reunión da UE conseguiuase por parte de España e Portugal para que se recoñecera como illa enerxética a península para poder estabilizar os prezos da enerxía eléctrica.

No segundo punto volvemos ao mesmo, actuase sobre os prezos do transporte publico, da electricidade e do gas. Por outra banda demandar deste goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos, este goberno nas dúas ultimas lexislaturas reverteu a situación implantada polos anteriores gobernos incrementando as pensións co IPC, por outra banda o SMI subiu nestes dous últimos anos mais do que subira nos anteriores.

En canto a demandar do goberno central a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos, as medidas que se tomaron esta semana van a contribuír con esas bonificacións que responden a esas medidas das que falaba o portavoz do PP, pero insto dende aquí a que a Xunta de Galicia na parte que recada, que é o 58% dos impostos sobre hidrocarburos, tamén tome algún tipo de determinación.

Tamén se tomaron medidas específicas por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Esta proxectado tamén unha reforma fiscal, o ingreso mínimo vital por parte do Estado esta revalorizado, hai unha limitación para os prezos dos alugueres das vivendas.

En definitiva aprobar este moción, que non recolle ningunha das medidas xa aprobadas e que van entrar en vigor ,non nos parece o mais adecuado neste momento.

O voceiro do BNG di que Galiza está preto de contabilizar 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, un 26 % da poboación galega o está a pasar moi mal, e coa que esta caendo o normal é que empeoremos.

O que pedimos e solicitamos do Goberno do Estado e é o mais lóxico que se pode pedir, unha intervención inmediata en todo o sector enerxético, porque o que fixo o PP nos últimos anos do século pasado estámo-lo pagando ben pagado, mentres as eléctricas se forran cada vez mais, porque non se marcan prezos máximos da luz?.





Concello de Guitiriz

Demandamos que se baixe o IVE dos produtos básicos e mais necesarios no fogar.
Demandamos que non nos estafen nas pensións como fixeron este último ano 2021, porque se o IPC foi do 6'2 % non nos compensaron as pensións como tiñan que compensalas realmente.
Demandamos que tanto o goberno do estado como a Xunta reduzan os impostos sobre os hidrocarburos, esta baixada de 20 céntimos no litro do gasóleo e da gasolina non ten moito sentido, e pan para hoxe e fame para mañá, despois do anuncio o primeiro que fixeron as gasolinas foi subir os prezos, e van seguir subindo o prezo dos carburantes xa me dirán para que vale esta baixada. A semana pasada parouse case toda a actividade porque sen transporte non hai mercancías e me imaxino que vai a volver a parar.
Demandamos que os gobernos do estado e da Xunta protexan os sectores agro-gandeiro e o marítimo-pesqueiro, estes sectores primarios en Galiza son fundamentais.
Demandamos que as 2.735 vivendas baleiras que ten o banco malo o SAREB na Galiza se poñan a disposición da xente nova con poucos recursos.
Demandamos que a través dos impostos pague mais que mais ten.
E demandamos por suposto se incrementen nos orzamentos as partidas de igualdade en definitiva que as clases mais populares e as que como dixen non chegan economicamente a finais de mes poidan seguir vivindo neste país chamado Galiza.

O voceiro do PP di que a Xunta de Galicia tamén vai facer unha redución das tarifas portuarias nun 75% no que se refire a portos de interese xeral como os xestionados pola Xunta. Baixada selectiva do IVE para os produtos do mar, un plan de choque contra as familias vulnerables.
No Consello da Xunta do pasado 17 de marzo púxose en marcha un plan de choque autonómico no que se lanzou un bono social térmico, unha medida que chegara a 66.000 fogares vulnerables con axudas que van dende 128 a 373 euros para pagar as facturas da calefacción, auga quente e cociña. Esta axuda complementarase con outra de 100 euros a cada familia para sufragar os recibos da luz, e dicir, que iran dende 228 ata 473 euros.
Reformular as tarxetas básicas da Xunta para que se poda acoller as familias de refuxiados ucráinos, poden acceder a tarxeta básica, as axudas de inclusión social e a RISGA.
Redución do tramo autonómico do IRPF, Galicia é a cuarta comunidade autónoma coa tributación máis baixa para as bases liquidables de ata 20.200 euros.
A Xunta de Galiza dará axudas para os estudantes máis necesitados.
Por un lado o goberno de Sanchez marca ata onde se poden subir os alugueres e sin embargo non marca un prezo da luz e por outro lado esa axuda que van dar de 10 ou 15 céntimos para o combustible non estamos de acordo con ela o que teñen que baixar e o IVE dos impostos sobre os hidrocarburos, o gas, a luz eléctrica e tamén a taxa que se estableceu no ano 2019.
Por exemplo Polonia combate a inflación facendo a maior rebaixa de impostos, rebaixándoos en 4.500.000 millóns de euros seguindo a receita de Alemaña, alimentos do 5% do IVE ao 0%, gas de 23% ao 0%, combustible do 23% ao 8%, fertilizantes do 8% ao 0% e electricidade do 27% ao 5%.

A Sra. Alcaldesa di que ela ofrézolle ao BNG a posibilidade de que, como algunhas destas demandas están incluídas no Real Decreto que se aprobou e que vai entrar en vigor, si quere facemos dentro dun tempo unha valoración sobre cales non funcionan ou cales se poden cambiar, pero tal como esta a moción non imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que é fácil de explicar, quen chegaba a fin de mes con dificultades xa non chega e quen non chegaba, agora agoniza. Co mesmo salario que hai un ano agora pagamos moito mais cara a electricidade, os carburantes, a bombona de butano, a cesta da compra ou o aluguer, eu case me pregunto que foi o que non subiu de prezo. Mentres moitas familias non poden pagar a luz ou a calefacción, as tres grandes eléctricas gañaron no 2021 máis de 6.500 millóns de euros.

Unha vez máis a crise a pagamos e a pagan as persoas traballadoras, por iso propoñemos esa lista de medidas, e canto antes se tomen mellor nos irá.

O 20 de marzo o Goberno do Estado advertía que o día 29 ía tomar medidas, vemos agora





Concello de Guitiriz

que as medidas tomadas seguen sendo malas e escasas. Estiveron paralizadas case todas as actividades debido a folga que fixeron os transportistas con toda a razón.

A maioría dos estados da Comunidade Europea e do mundo tomaron medidas urxentes xa en aqueles días, nós coma sempre tarde mal e arrastro, e encima cun presidente da Galiza de vacacións por toda España porque xa me dirán vostedes sendo o único aspirante a liderar o PP que facía dando mítines.

Temos que remontarnos ao anos oitenta para atopar unha inflación do 9,8, este aumento de prezos en xeral o que fai e empobrecer as familias e afecta a todos os sectores de produción, está poñéndonos contra as cordas, e temos que lembrar que aínda non saíramos da anterior crise, o ano pasado tiñamos 100 euros hoxe, un ano despois, temos 90 euros.

A este ritmo e sen tomar medidas eficaces e moi urxentes, cantos negocios vanse ver forzados a baixar as persianas, cantas explotacións leiteiras están en risco, cantos barcos pesqueiros van quedar amarrados ou cantos transportistas van deixar o seu camiión aparcado?

Todas estas medidas que propoñemos foron trasladadas polo BNG ao goberno do Estado hai quince días, pero como todos sabemos no goberno do Estado español non se toma ningunha medida sen consultar a Europa, e principalmente aos Estados Unidos de América que son os que manexan o seu entoxo o que acontece no mundo.

Sometido o asunto a votación non se acada a maioría necesaria para a súa aprobación cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE.

Expediente 275/2022. Moción BNG para incentivar o autoconsumo solar a través de bonificacións do IBI

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstención: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

“MOCIÓN PARA INCENTIVAR O AUTOCONSUMO SOLAR A TRAVÉS DE BONIFICACIÓNS DO IBI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A loita contra o cambio climático é un dos retos ao que nos enfrontamos como sociedade, o que é vital para definir o mundo que lle imos deixar ás xeracións vindeiras.

Os esforzos de todas as administracións públicas deben ir encamiñados a incentivar e reducir a pegada do carbono, e unha vez que o goberno do estado derogou o chamado imposto ao sol co Real Decreto Lei 15/2018, de 5 de outubro, deu vía libre a que os concellos puidesen establecer bonificacións tanto no IBI como no ICIO para aqueles veciños que aposten polo autoconsumo solar fotovoltaico.

A aposta polo autoconsumo solar supón unha clara redución da pegada que deixa o consumo de enerxías fósiles, e ademais é unha solución de aforro importante debido a escalada de prezos da enerxía.

A pesares destas vantaxes o autoconsumo solar fotovoltaico non esta aínda popularizado no noso concello, seguramente pola falla de información e pola inversión





Concello de Guitiriz

inicial que supón apostar por este tipo de solucións enerxéticas. Po iso dende o BNG, creemos que unha boa maneira de animar á veciñanza de Guitiriz a apostar por esta solución verde e establecer bonificación nos impostos municipais para aqueles que implanten nas súas vivendas estes sistemas enerxéticos.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal a modificar a ordenanza fiscal para establecer o 50% de bonificación no IBI durante 5 anos e do 50% do ICIO para aqueles cidadáns que opten pola instalación de sistemas de autoconsumo.
2. Instar ao Concello a informar a todas as veciñas e veciños de todos as subvencións encamiñadas a instalar placas solares ou outro tipo de enerxías renovables que a Xunta ou o Goberno Estatal poñan ao servizo de todos os cidadáns para mellorar o prezo do consumo enerxético."

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que o cambio climático é unha realidade constatada, a deforestación, a desaparición dos ecosistemas e o esgotamento de recursos naturais son algúns dos seus impactos que a curto prazo estamos vendo. O aforro coa posta dos paneis solares pode chegar ao aforro do 50 ou 70 na nosa factura da luz e polo tanto a amortización das instalacións pode ser en pouco tempo e tamén axuda a paliar o cambio climático e iso é bo para Galicia e para toda España.

Dado que os concellos poden establecer bonificacións tanto do ICIO como do IBI, isto pode animar a xente a instalar estes sistemas e moito máis nestes tempos no que o prezo da luz esta desorbitado, polo tanto pedimos o seguinte a este goberno municipal:

- Establecer unha bonificación no IBI durante 5 anos ao 50% e para aqueles cidadáns que elixan sistemas de autoconsumo unha bonificación no ICIO do 80%.
- Instamos ao concello a informar sobre a instalación de placas fotovoltaicas a través de escritos mandados a cada enderezo para que a xente saiba a que aterse, tratar de mellorar as dependencias do concello, dos colexios, instituto, centro médico de Guitiriz, consultorio de Parga con instalacións de placas fotovoltaicas e outro tipo de enerxías renovables.

A Sra. Alcaldesa di que ela xa comentei na Comisión Informativa que o equipo de goberno non esta pechado a bonificar o ICIO pero si a bonificar o IBI porque non nos parece xusto xa que si bonificamos o IBI estamos beneficiando as persoas que teñen mas poder adquisitivo para poder facer esa inversión en detrimento de outras que no teñen ese poder económico e non se van ver beneficiados/as con esa rebaixa do IBI, é mais, vanse ver prexudicados porque esa bonificación suporía unha diminución dos ingresos do concello.

Algún dos grupos políticos fixo un estudo económico sobre como pode afectar ao concello esa redución de ingresos debido a esa bonificación do 50% no IBI durante 5 anos pola instalación de placas solares?. Nós cando propuxemos a ultima modificación da Ordenanza do ICIO para establecer unha serie bonificacións fíxose por parte de intervención un estudio económico. Polo tanto non creo que se debe aprobar unha bonificación no IBI do 50% durante cinco anos sin facer previamente un estudo e ademais como xa dixeran, non nos parece xusto. Nós estamos de acordo tanto coa bonificación do ICIO, previa consulta coa intervención municipal, como co de informar a veciñanza de todas as subvencións para instalar placas solares intentando poñer información desas subvencións na páxina web.

O voceiro do BNG di que estamos vendo que cada día que pasa o prezo da enerxía non para de bater récords, non sabemos ata onde chegará, nin quen vai poder pagala. Esta é unha idea





Concello de Guitiriz

mais do que podemos instalar nas nosas casas para axudar a soportar os prezos abusivos da enerxía eléctrica, desgraciadamente aquí en Guitiriz os invernos son moi longos e moi fríos, polo que non nos queda outra que botar man da enerxía para aguantar e seguir vivindo (cociñas eléctricas, lavadoras, lavalouzas, fornos, calefaccións, luces etc) son imprescindibles en todos os fogares, e o prezo do consumo eléctrico nos fogares disparouse e aínda non sabemos ata onde vai a chegar, por iso a xente xa comeza a cavilar nas posibles solucións para paliar este aumento dos prezos da electricidade, unha opción é a enerxía fotovoltaica que de momento non está moi arraigada pero que é unha das solucións que temos para producir enerxía no futuro.

Non entendo Sra. Alcaldesa como pode estar en contra disto que propoñemos porque é beneficioso para todos os/as veciños/as. En canto ao do ICIO como di que esta de acordo xa o pode facer a semana que vén.

Si vostedes estiveran na oposición votarían a favor

O voceiro do PP di que eles propoñen a seguinte emenda: unha bonificación no ICIO do 80% para particulares e do 100% para empresas e gandeiros/as e a bonificación do 50% no IBI en vez de ser durante 5 anos podería ser durante 2 ou 3.

A alcaldesa di que eles non van a votar a favor desta moción si non se saca o do IBI polos motivos xa expostos.

O voceiro do BNG di, con respecto a emenda do ICIO aceptase e en canto a do IBI propoñemos, para que poda saír adiante e así botarlle unha man aos veciños/as, que sexa unha bonificación do 33% para incentivar a instalación de placas solares.

Intervén a alcaldesa para dicir que quere que conste en acta que dende o equipo de goberno estudárase con intervención para que a bonificación do ICIO que se esta aplicando as explotacións gandeiras e sector primario se aplique tamén para a instalación de placas fotovoltaicas.

Sometido o asunto a votación non se acada a maioría necesaria para a súa aprobación cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE.

Expediente 277/2022. Moción PSOE sobre a invasión de rusa sobre Ucrania

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcaldesa da lectura a moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Guitiriz condena enerxicamente a agresión de Rusia a Ucraína, rexeitando totalmente a invasión das forzas militares rusas, e expresa a súa solidariedade co Goberno e co pobo ucraino.

Esta agresión supón unha flagrante violación do Dereito Internacional e contra a soberanía e a integridade territorial de terceiros países.

O Concello posiciónase a favor da resolución pacífica de conflitos, apoiando as accións dirixidas a facilitar o diálogo, así como a favor de sancionar o incumprimento





Concello de Guitiriz

do dereito internacional.

Dende o Concello colaboramos a través dos canles oficiais, neste caso a través da FEGAMP, ofrecendo as dúas vivendas que son propiedade nosa para a acollida de persoas desprazadas polo conflito de Ucraína e compartimos un listado de ONGs para que veciñanza que queira colaborar o faga a través de organismos oficiais.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos seus integrantes, previa presentación de emenda polo BNG (que se aproba cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP), adoptou o seguinte ACORDO:

1. Reclama a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumprir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional.
2. Expresa a súa solidariedade con todas as vítimas deste conflito e damos todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.
3. Maníéstase ao carón do Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.
4. Expresa o máis firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados pola ONU, a OSCE e no Tratado de constitución da Unión Europea.
5. Mostra o apoio á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin ao conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos cidadáns ucraínos.
6. Apoia que se realicen todos os esforzos necesarios para mobilizar recursos a fin de acoller a refuxiados provenientes do conflito de Ucraína."

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que en primeiro lugar quero dicirlle a todos os membros do grupo socialista que isto non é unha moción é mais ben unha declaración de intencións.

Todos/as os que estamos aquí, sen excepción, somos representantes legais do pobo de Guitiriz, entendo por pobo o conxunto de persoas que o compoñen. Vostede fala do concello e nós dende que comezou a guerra en Ucraína non tivemos información ningunha por parte do concello, este goberno que vostede preside non tivo a xentileza de poñerse en contacto con ningún dos grupos, ni con ningún das persoas que os compoñen, pensamos que debía de facelo, non so con nós sinon tamén co representante do BNG e xuntarnos co grupo socialista deste concello, sería unha reunión donde poderíamos plantexar as distintas ideas e así poder axudar a estas familias que podan ter que vir a vivir ao noso concello, tanto en Guitiriz como en Parga como nas parroquias que houbera sito para eles, non so dándolle vivenda sinon tamén axudas económicas, colexios para os nenos/as e incluso traballo si se lle poidese conseguir, sanidade, bonos para os distintos comercios e tendas de alimentación porque veñen para quedarse con nosoutros moito tempo e incluso ao millor non poden voltar ao seu país.

Facer entre todos os concelleiros/as unha declaración institucional feita por toda a corporación e enviarlla asinada por todos nós a Embaixada de Ucraína en Madrid como mostra de apoio a





Concello de Guitiriz

Ucrania e a súa poboación.

O voceiro do BNG di que o BNG de Guitiriz condena a agresión de Rusia a Ucraína e mostramos a total solidariedade co pobo ucraíno.

Esiximos un inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.

Solicitamos respecto para o dereito internacional, os dereitos humanos e os Acordos de Minsk, e que se traballe pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.

Demandamos o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.

Apoiamos e colaboramos nas medidas de axuda humanitaria que se decidan para facer fronte á crise de persoas refuxiadas

Non estamos de acordo co punto catro que vostedes propoñen e que di o seguinte: **“Expresar o mais firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado da Constitución da Alianza do Atlántico Norte e no da Constitución da Unión Europea”**.

Están poñendo a OTAN de santa cando todos sabemos que é unha organización armada e militarizada a que pertence España, nós como moito aceptaríamos a ONU ou a OSCE, pero unha organización armada que non hai tantos anos participou na guerra de Yugoslavia baixo o mando dos Estados Unidos de América e que desfixo totalmente este territorio porque non interesaba o seu crecemento aos que se consideran os xefes do mundo.

Eu non sei se saben que a OTAN formouse en 1949, pois desde aquela o secretario xeral desta organización militar nunca foi dos Estados Unidos, pero aínda así sempre estivo dirixida militarmente por altos cargos do exercito estadounidense, pode estalar a terceira guerra mundial e o goberno español gobernado por vostedes vai ter moita culpa de todo o que aconteza.

O goberno español xa enviou en tres ocasións armamento que se saiba a Ucraína, o primeiro envío por valor de 470 millóns de euros, o segundo e terceiro nin tan sequera se atreven a dicilo, é unha autentica vergoña o que están a facer cando miles de persoas o están a pasar tan mal. O único que fan e atizar o lume, como poden estar a favor da paz e mandar armas a Ucraína?

Hai que traballar pola paz falando cos implicados no conflito, e se non hai acordos volver a falar xa que falando non morre xente. Os meses previos ao conflito vimos a dirixentes de outros países falar con Putin en varias ocasións, polo menos intentárono, Pedro Sánchez nin tan sequera o intentou.

A alcaldesa como resposta ao voceiro do BNG propón a seguinte emenda no punto cuarto da moción:

“Expresar o mais firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados na ONU e na OSCE e na acta de Constitución da Unión Europea”

O voceiro do PP di que eles non están de acordo co que dí o voceiro do BNG sobre a OTAN porque esta naceu para preservar e a ONU tamén manda tropas militares para paliar as intencións militares dos insurxentes.

O voceiro do BNG di que os dous acordos de Minsk o do 2014 e o do 2015 os únicos que o saltaron e non o levaron a cabo foron os ucraínos, diso non comentan nada, con isto non estou xustificando a invasión de Rusia sobre Ucraína, pero teñen motivos mais que suficientes para estar moi cabreados. Eu non sei se saben que dende o 2014 o exercito ucraíno está





Concello de Guitiriz

bombardeando a rexión de Donbass e xa van mais de 14.000 mortos, a maioría deles prorrusos aínda que tamén hai cidadáns ucráinos.

E mais aínda, os territorios dentro de Ucraína que decidiron ser independentes, democraticamente por votacións, como as repúblicas de Donetsk ou Lugansk non saben a quen acudir despois de que decidisen libremente ser repúblicas independentes, Rusia as respecta, Ucraína non.

Quen é testemuña do que estou falando e a OSCE (Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa), unha organización política europea non unha organización militar coma a OTAN e que encima está dirixida polos Estados Unidos de América.

O BNG quere a paz e o dereito a autodeterminación dos pobos, tamén do palestino e do saharauí, e todos aqueles que o decidan democraticamente e por ampla maioría. Os nacionalistas do BNG queremos que non haxa guerra en ningún territorio do mundo, queremos dialogo e para iso non fan falta as armas.

Suecia e Austria son dous países de Europa que non teñen exercito e estan tan adiantados como nós ou mais, non lles fai falta nin exercito nin armas e teñen a vantaxe que si outro pais os invade nin poñen resistencia nin vai haber mortos, porque para todos os cidadáns do mundo o mais importante é a propia vida.

A Alcaldesa di que ela fai dúas reflexións, primeira, un mundo sin exercito e sen armas é unha utopía e segunda, todos/as os que estamos aquí defendemos o estado democrático de dereito e o dialogo por encima das armas.

Procedese a votar a emenda quedando aprobada cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP.

Sometido o asunto a votación e aprobada por unanimidade.

Expediente 285/2022. Moción PP relativa a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstención: 0, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2007 de 7 de maio de Emerxencias de Galicia, no seu capítulo IV, Competencias das Entidades Locais, establece que corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes crear o Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias.

Guitiriz non dispón do citado servizo municipal, se ben dende o ano 2008 conta cunha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

As Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil están ao disposto na Lei 3/2000, de 22 de decembro, de Voluntariado de Galicia, segundo indica expresamente a disposición adicional primeira da citada Lei, a cal define o voluntariado como o conxunto de actividades desenvolvidas en áreas de interese xeral que se realicen de maneira altruísta, desinteresadamente e solidariamente, con carácter voluntario e libre, sin obrigación persoal ou deber xurídico e sen contraprestacións económicas.

Entre os deberes das persoas voluntarias están o cuidar e facer bo uso dos recursos





Concello de Guitiriz

materiais que poñan a súa disposición as entidades para o desenvolvemento da súa actividade.

É competencia das corporacións locais, segundo o artigo 17 da Lei de Voluntariado de Galicia, realizar o seguimento e inspección das entidades de acción voluntaria no relativo ao cumprimento das súas obrigacións legais e dos programas e proxectos de voluntariado que se realicen no ámbito das súas competencias con cargo aos fondos públicos.

O artigo 27 da Lei de Emerxencias de Galicia establece que a persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de Protección Civil e da Xestión de Emerxencias.

No artigo 37 da citada Lei, referente a xestión de riscos ordinarios, dispónse que no caso de que unha emerxencia afecte a máis dun concello, e os recursos de este non foran suficientes, como no caso do concello de Guitiriz, xa que este non dispón de Servizo Municipal de Protección Civil e de Xestión de Emerxencias, se non dunha Agrupación de Voluntarios, que realizan as súas tarefas a petición da Axencia Galega de Emerxencias, que é quen lle comunica as emerxencias as que teñen que asistir, xa que a esta é o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia a que lle comunica as chamadas de emerxencia de distintas persoas por diferentes casos, como pode ser un derrube nunha estrada, un incendio dunha casa ou no monte, ou un accidente de tráfico, etc. polo tanto o que fai a Axencia Galega de Emerxencias é coordinar os distintos efectivos para resolver un caso segundo sexa dunha característica ou de outra, e segundo sexa a urxencia, e pon en contacto tanto a Garda Civil, como ambulancias, bombeiros e Protección Civil.

Máis nestes casos cando a AXEGA, solicita a mobilización da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Guitiriz para prestar colaboración a distintas emerxencias como accidentes de tráfico, animais abandonados, incendios, auxilios a persoas, etc, dado que se trata dunha Agrupación de Voluntarios, a resposta a mobilización solicitada dependerá de si nese intre se atopa algún voluntario dispoñible para acudir a colaboración solicitada e, polo tanto, os datos que figuran no rexistro facilitado pola AXEGA das distintas mobilizacións feitas non se corresponden coas intervencións reais atendidas por esta agrupación, xa que evidentemente non sempre haberá un voluntario disposto ou dispoñible para atender de forma altruísta e no seu tempo libre a colaboración solicitada pola AXEGA.

A Axencia Galega de Emerxencias nos anos 2020 e 2021 chegaron un total de 317 chamadas de distintas persoas a través do 112 Galicia, e destas foron 271 para mobilizacións e 46 para operativos.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1º. Solicitamos que haxa un Rexistro Interno na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil onde figuren as emerxencias que realmente foron atendidas e os medios materiais empregados.

2º. Que nese rexistro consten as saídas efectuadas polo vehículo de Protección Civil





Concello de Guitiriz

deste Concello.

3º. Que conste a hora de saída e a hora de chegada do vehículo, co número de quilómetros realizados, antes e despois, e as persoas que participaron ou realización eses servizos, xa sexan en mobilizacións ou en operativos.

4º. Solicitamos que todos os vehículos do concello, incluídos os de Protección Civil, volvan as dependencias municipais, e non queden espallados por distintas rúas da vila, xa que os vehículos son públicos e non privados.”

Aberto o debate pola alcaldesa o voceiro do BNG di que segundo comentan na exposición de motivos a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Guitiriz está xestionando as tarefas que lle transmite o 112 con xente voluntaria que hai no Concello, entendemos que estes voluntarios/as non é xente profesional, polo menos non cobran por este traballo.

Segundo comentan, o artigo 27 da Lei de Emerxencias de Galiza fai responsable a alcaldesa neste caso, da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Guitiriz, aínda que a petición de asistir a unha emerxencia recae sobre a Axencia Galega de Emerxencias. En base a iso, non vemos problema ningún en que se faga un control por parte do Concello das actuacións ou desprazamentos que fai este voluntariado de protección civil, o que non entendemos é que non se este facendo actualmente, non só nestes vehículos sinon en todos os que ten o Concello e que teña que ser unha moción a que lle diga a Alcaldesa que non o está a facer como debería.

Non me lembro si cando o Sr. Teixido foi alcalde se facían este tipo de controles nos vehículos do Concello, pero entendemos que canto mellor é mais claro sexa o uso dos vehículos municipais, moito mellor para todos.

A Sra. Alcaldesa di que como se reflicte na exposición de motivos, a Lei de Emerxencias de Galicia no seu “Capítulo IV. Competencias das Entidades Locais” establece que corresponde aos concello de mais de 20.000 habitantes crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias, nós non temos ese servizo porque non somos un concello de mais de 20.000 habitantes.

Aquí hai unha agrupación de voluntarios de protección civil, que xa existía cando nós chegamos ao concello. Neste concello hai un rexistro de voluntarios tanto de protección civil como outro tipo de actividades relacionadas como medio ambiente, a cultura o lecer etc. e cando os necesitamos poñémonos en contacto con eles/as para que presten os seus servizos e colaboren de forma altruísta e sin ningún tipo de contraprestación económica e é evidente que estes voluntarios/as teñen que facer bo uso dos distintos bens, instrumentos, recursos que se poñen a súa disposición.

É unha competencia das corporacións locais realizar o seguimento e inspección das entidades de acción voluntaria no relativo ao cumprimento das súas obrigacións legais e dos programas e proxectos de voluntariado que realicen no ámbito das súas competencias con cargo a fondos públicos.

O artigo 27 de Lei de Emerxencias establece que “a persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e da xestión de emerxencias”. Esa mesma lei tamén di que no caso de que unha emerxencia afecte a máis dun concello e os recursos non fosen suficientes quen coordina é a Axencia Galega de Emerxencias cando se dispón dun servizo municipal de protección civil, que como dixen antes non é o noso caso, pero incluso sin dispoñer dun servizo municipal de protección civil esta axencia comunícase co concello e pregunta si hai dispoñibles voluntarios xa que este concello ten rexistrado na Axega que se dispón dunha agrupación de voluntarios de protección civil, policía local. Cando Axega solicita a mobilización de voluntarios de protección civil é evidente que non pode esixir que se mobilicen posto que son voluntarios, pero é verdade que neste concello cando solicitan colaboración case sempre hai algún voluntario disposto a axudar.

As intervencións que afectaron ao concello de Guitiriz foron 271 para mobilizacións por





Concello de Guitiriz

diversas causas e 46 para operativos previamente organizados.

O voceiro do PP di que efectivamente segundo a información da Axega 2020-2021 houbo 271 chamadas para mobilizacións e 46 para operativos pero nós o que queremos é que queden rexistrados os vehículos que saen.

Esta moción é para que tome medidas, as que considere vostede convenientes como máximo responsable da corporación

A agrupación de voluntarios de Guitiriz tiña sobre 30 voluntarios fai un tempo pero dende que vostede entrou no goberno deste concello e dende que hai un novo presidente na agrupación podemos observar que nos eventos non hai voluntarios. Onde van os outros voluntarios para facer os relevos?

Por exemplo o martes de entroido non asistiu a este evento o presidente e non se puido usar o coche de protección civil xa que este estaba aparcado diante do seu domicilio.

O voceiro do BNG di que o normal sería non so facer un control deses vehículos de protección civil senón de todos os vehículos municipais, sería bo para todos.

A Sra. Alcaldesa di que xa existe un rexistro interno, cúbrese un parte por cada intervención ou saída que se fai, o lugar onde se vai, quen vai, o vehículo que se leva e o tipo de intervención que se fixo, onde consta si esa intervención se fixo a instancia do 112 ou a instancia da alcaldía ou de algún membro do equipo de goberno.

En canto a que os vehículos volvan as dependencias municipais foi unha decisión persoal autorizar o lugar onde pode estar o vehículo para que o teña mais a man o voluntario no caso dunha chamada do 112 e así evitar perdas de tempo cando se produce unha intervención, pero estarei vixilante por si se fai un mal uso de esa decisión.

O voceiro do PP di que vostede me facilitou os partes da Axega pero eu quero os partes do concello.

Xa vexo que xustifica o feito de que o coche este diante da casa pero non debe de autorizar que se use para ir a traballar.

Sometido o asunto a votación non acada a maioría necesaria para a súa aprobación cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE.

Expediente 288/2022. Moción PP para poñer en marcha medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias tras a invasión de Ucraína

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a Moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia está ao carón dos esforzos que está a desenvolver a Unión Europea e os gobernos dos distintos estados membros, incluído o Goberno de España, reivindicando o restablecemento da legalidade internacional e da paz tras a invasión de Ucraína por parte de Rusia, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no preámbulo do Tratado da constitución da Alianza do Atlántico Norte (OTAN-NATO) e na Constitución Europea.





Concello de Guitiriz

De feito, desde a comunidade galega se condena esta agresión inxustificada e se amosa unha total disposición a colaborar nunha resposta humanitaria coordinada con Goberno central en apoio ao pobo ucráino.

Neste sentido, Galicia ten comunicado a disposición de máis de 1.400 prazas de acollida para refuxiados entre as habilitadas pola Xunta de Galicia, concellos e entidades sociais, ao tempo que ten ofrecido preto de 500 camas nas sete áreas sanitarias con espazo específico para pacientes pediátricos e pacientes con tratamento oncolóxico, e traballar de forma activa na axuda humanitaria.

Pero, as incertezas que se deriven desta situación, unha das máis graves vividas en Europa dende a Segunda Guerra Mundial, están a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias, que están a facer fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos presos fronte a unha escalada sen precedentes no relativo aos prezos enerxéticos, así como á escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias.

Ademais, empresas presentes nestes dous países ou que lle viñan exportando os seus produtos e servizos vense afectados por unha contracción dos seus mercados, ao igual que as localidades turísticas que acollían a súa cidadanía.

Como consecuencia, faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte as súas facturas.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PP, cos votos en contra do PSOE e coa abstención do BNG, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- O Concello de Guitiriz insta ao Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas as seguintes:

- a) Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
- b) Medidas específicas para os sectores mais afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
- c) Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
- d) Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

2º.- Así mesmo, o concello de Guitiriz insta a Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo, etc) é, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os





Concello de Guitiriz

mencionados sectores.”

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do BNG di que a crise económica que estamos a sufrir agora mesmo en Galiza e no resto do estado español non é so culpa da invasión de Rusia en Ucraína, está claro que a está agravando e empeorándoa moito, pero temos que lembrar que hai dous anos comezou unha pandemia que nos azoutou moito e que aínda non rematou, por iso a economía galega e española está como está. Moitísimas empresas e milleiros de traballadores/as viron reducidos os seus ingresos cando comezou a expandirse a pandemia do coronavirus por todo o mundo. ERES, ERTES, despidos, baixa produción nas empresas fixeron brecha na economía.

A baixada de impostos temporal a electricidade, ao gas ou aos carburantes aínda que agora mesmo sería esencial, non é a solución, a solución para o BNG é a intervención e o control estatal de todo o sector enerxético para que un ben básico para todas as persoas como é a electricidade ou o gasóleo de calefacción non falte nos fogares galegos. Tamén vemos moi necesario a baixada de impostos para os alimentos básicos, produtos do mar, hixiene persoal, transporte público, peaxes de autoestradas etc.

Non entendemos moito que veñan vostedes pedindo o desta moción, porque están gobernando na Xunta e non hai tanto que gobernaron no Estado Español e non moveron nin unha coma para tras, mais ben o contrario, os impostos eran os mesmos ou mais altos.

As comunidades autónomas teñen transferidas competencias, e por suposto financiamento, o 50% da recadación do IRPF vai as comunidades, tamén vai o 50 % do IVE, o 58% dos impostos especiais como o dos carburantes e o 100% da recadación líquida do imposto sobre a electricidade.

Lembrarlles que moitas empresas que eran públicas, como as eléctricas ou as de aluminio foron regaladas a empresas privadas cando vostedes gobernaron na década dos anos 90, agora estamos pagando o que vostedes fixeron.

A Sra. Alcaldesa sinala que di o mesmo que na moción anterior posto que non se contempla ningún dos acordos que se tomaron tanto na reunión da UE da semana pasada como no Real Decreto aprobado no Congreso dos Deputados.

Nós entendemos que coas medidas que van entrar en vigor e esperamos que no caso de que non sexan suficientes se sigan tomando novas medidas para intentar que as familias sufran o menor posible nesta situación.

O voceiro do PP di que a Xunta adoptou unhas medidas que nin tan sequera as tomou o Goberno Central. Feijoo tras o Consello da Xunta pediulle ao Goberno Central que negocie coas plataformas convocantes do paro no transporte, axilizou o bono térmico social para 66.000 familias vulnerables, destina 13,1 millóns de euros, no que cada beneficiario recibira un pago único de entre 128 e 373, axuda para PAC por importe de 200 millóns de euros e para o sector pesqueiro subvención no pago nas taxas portuarias durante dous meses.

Quizá o problema esta en manter un Goberno con 22 ministerios e 1.212 asesores contratados. Significa que dende o ano 2019 a cifra medrou dun 27,6% a un 41% dende que Mariano Rajoy saíu da Presidencia de España, o seu custe estimado alcanzará un novo récord de 65,4 millóns de euros.

O espectacular aumento actual contribúe na participación no executivo do partido de Pablo Iglesias que levou o número de ministerios a 22 e a case unha trintena as Secretarías de Estado e non se mirou moito a súa cualificación profesional e académica porque so o 55% de eses 1212 asesores teñen estudos superiores, un 13% teñen titulación de grado medio e un 17% bacharelato e o 15% restante o graduado escolar ou certificado de escolaridade.

Canta xente coñece eses 22 ministros que hai no Goberno?. Que cometidos teñen eses





Concello de Guitiriz

ministerios ateigados de secretarías, funcionarios e asesores cando están baleiros de contidos?, pero claro, había que contentar aos de Podemos e por iso este goberno quere que nos apertemos o cinto e é incapaz de baixar os impostos e dannos axudas de aquela maneira, baixan en 20 céntimos os prezos da gasolina e gasóleo cando os donos das gasoleneiras subiron os carburantes para non ter perda por esa baixada dos 20 céntimos. Que baixen os impostos como fixeron moitos países da nosa contorna como por exemplo Polonia.

O voceiro do BNG di que o día 11 de marzo Feijóo comezou a súa andadura por todo o Estado Español para facerse coa presidencia do PP, sabendo que é o único que se presenta e coincide que comezan a desorbitarse os prezos dos carburantes que están lastrando a familias e empresas en toda Galiza, pois Feijóo no seu primeiro mitin dixo o seguinte “Comienzo la campaña en Valencia, con un ambiente espectacular en plenas fallas”. Isto é o que lle importa Galiza a este señor.

O presidente da Xunta en funcións o 18 de marzo anunciou unhas medidas chamadas “Plan de Choque Autonómico” e dicía que Galiza era a primeira comunidade en tomar medidas, nada mais lonxe da realidade posto que o 25 de marzo aínda estaban sen publicar no Diario Oficial de Galiza, pero ese mesmo día volveu a anunciar novas medidas de choque, unha para o sector gandeiro e outra para a automoción, non sei se xa están publicadas no DOG, pero iso si o Sr. Feijóo segue mantendo unha dura crítica ao goberno estatal pola falta de rapidez en tomar medidas, cando eles fan o mesmo.

Todos/as aquí estamos preocupados polo que está acontecendo coa economía da maioría das persoas, e vemos que os gobernos tanto do Estado como da Xunta van a cámara lenta nas medidas que toman. Uns alardeando do rápido que son, sen selo e outros agardando o día 29 para tomarlas esperando instrucións de Europa. Iso si, mentres a maioría das familias están a pasalo mal, unha cantidade de sectores protestando nas rúas e facendo folgas. Esta é a realidade de Galiza.

A Alcaldesa dí que lle gustaría que cando se traia unha moción centremos o debate e falemos da moción, temos que falar das cousas que afectan ao Concello de Guitiriz.

En canto a moción, repito o que dixen antes, que esta semana tomáronse unha serie de medidas que esperemos que dean resultado e no caso de non dalos confío en que se sigan tomando.

O voceiro do PP di que eles non están de acordo coas medidas adoptadas polo Goberno do Estado.

Sometido o asunto a votación non acada a maioría necesaria para a súa aprobación cos votos favorables do PP, cos votos en contra do PSOE e abstención do BNG.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS

Rogos PP

1º. Rogamos que se poña en contacto coa Confederación Hidrográfica Miño Sil para que se arranxen os pasos no río Parga, os que están no lugar de Prado na parroquia de Trasparga e os de Parga, por se parte do patrimonio etnográfico do noso concello.

2º. Se arranxen as estradas que están en moi mal estado, por exemplo a que vai dende a





Concello de Guitiriz

Moscosa ata Os Vilares pasando por Queimos, Baxoi, Cal pois nesa pista transitan moitos coches dende Os Vilares a Parga.

3º. Que se destine algún do cartos que se van investir no aparcamento que se vai facer na Rúa Tralouteiro a tapar as fochancas do prado de Penalonga posto que esta intransitable e se faga un aparcamento na Rúa Santa Lucía en Parga xa que non hai onde aparcas, sobre todo os días de feira.

4º. Se poña en funcionamento os contenedores soterrados da Praza do Ecce Homo.

5º. Se fagan bases para todos os contenedores verdes e amarelos nos sitios onde non teñen.

Responde a alcaldesa que xa están adxudicados.

6º. Na Praza do Vinteito en Parga se poña un contenedor a maiores do que hai e un peche de protección estética con fotografías para mellorar a imaxe e na Rúa San Xosé poñer os contenedores en fila ao carón do muro con protección estética e así poder despexar a explanada das escaleiras.

7º. Se arranxe o firme da Rúa Xermolos e se dote de mellor iluminación xa que hai tramos que están case a escuras.

Rogos BNG

1º.- Rogamos para que non se repita o que se fixo o día 28 de xaneiro pasado. Ese día baleiraron o depósito de retención de area da estación de bombeo que hai no Forxá e tiverono nun contedor de camiión descuberto ata o martes seguinte o que provocou un cheiro todo o fin de semana que as persoas que por alí pasamos tiñamos que tapar os fociños, e aparte diso todo o líquido que contiña esa area verteu para o río.

2º.- Rogamos se corten as arbores que están caendo no camiño público que vai o Barreiro, pola parte de atrás do Balneario.

3º.- Rogamos se arranxen as eivas que hai nos servizos do parque o lado do estacionamento de caravanas e se faga a limpeza mais a miúdo.

4º.- Rogamos se recupere e se volva a colocar un dos pasos do río que hai no camiño da igrexa vella e de Torre Vella.

5º.- Rogamos se arranxe e mellore o aparcamento do prado que temos alugado, xa sei que a semana pasada taparon as fochancas pola entrada da N-VI, pero xa volve a estar en malas condicións.

6º.- Rogamos se arranxen as fochancas que saíron no camiño do Balneario.

7º.- Rogamos que se arranxe e limpe a fonte de San Blás, ou senón que se elimine tapando o furado.

PREGUNTAS

Preguntas PP

Preguntas pendentes do pleno anterior:

A alcaldesa di que non pode contestala porque non lle pasaron a relación de facturas que tiña que valorar. Nese momento o portavoz do PP entrégalle unha relación de facturas para que



Cod. Validación: M6PQL05JHXXVY60XK230NE65H | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 45



Concello de Guitiriz

poda facer a valoración.

Preguntas deste pleno:

1º. Porque o concello indemnizou a empresa da Escola de Música con 4.991,57 €?

Resposta: En cumprimento dunha sentenza condenatoria, como consecuencia da aprobación duns pregos que non recollían o persoal a subrogar o que levou a que o empresario que asumiu o servizo tivo que indemnizar a unha persoa e posteriormente denunciou ao concello e a xustiza deulle parcialmente a razón.

2º. O Camión de servizo, e dicir, o de obras e cesta que porta as persoas esta homologada?

Resposta: Si

3º. Para o manexo da cesta hai persoal con titulación para poder manexala?

Resposta: Cando se comprou o camión déuselles un curso de formación e agora váiselles a dar un curso novamente.

4ª. Canto se leva gastado no tractor grande dende xaneiro de 2021 ata o día de hoxe?

Resposta: Mirámolo e xa llo digo.

5º. Cantos condutores habilitados hai para conducir o vehículo do Centro de Día?

Resposta: Normalmente fan o servizo o encargado de obras e servizos e o condutor asignado para ese vehículo.

6º. Porque cando se contrata un traballador para un posto determinado se lle encomendan traballos que non lle pertencen?

Resposta: Porque están dentro das súas funcións.

7º. Os traballadores da Brigada Verde traballan 10 meses e as prazas de nova creación son de 12, non lle parece unha desigualdade?

Resposta: Esas prazas de fixo discontinuo xa estaban creadas cando eu cheguei e cando vostede foi alcalde tamén e tampouco as cambiou.

De todas formas a min esa reclamación non me chegou por parte dos traballadores.

8º. En que vai consistir a remodelación da Praza do Ecce Homo?

Resposta: En repoñer as lousas que están soltas, cambiar os contenedores soterrados para que se poda facer uso deles, renovar o pavimento, os bancos de madeira.

9º. Cal é o motivo polo que se externalizou o servizo de limpeza nos colexios de Guitiriz e Parga?

Resposta: Non esta externalizado, hai limpadoras do concello, o servizo que se presta mediante unha contratación é para facer unha desinfección a maiores que nos manda a Xunta polo Covid 19.

10º. Cal é o motivo do abandono da maquinaria que esta ao carón da nave do Senpa?

Resposta: Xa se esta limpando arredor da nave.

Preguntas BNG

Preguntas deste pleno:





Concello de Guitiriz

1ª.- Hoxe Sra. alcaldesa é 31 de marzo quedan catro meses para que remate o prazo asinado coa Deputación para ter rematada a obra da residencia no solar da Casa da Botica, e 11 anos dende que se asinou o primeiro convenio, vai haber algún novo convenio ou segue pensado en rematala nestes catro meses.

Resposta: É evidente que nestes catro meses non vai estar rematada porque houbo que facer un novo proxecto e esta pendente de autorización sectorial e de sacar a licitación e haberá que renovar o convenio.

2ª.- Este Concello foi condenado mediante sentenza a pagar unha indemnización de 4.865 euros e mais uns intereses de 115 euros a "Soilar Gestión y Servicios Musicales S.L." por non facer as cousas ben tanto no goberno anterior, pois xa ven do ano 2017, como deste goberno pois en Xunta de Goberno Local de data 28/04/ 2021 foi inadmitida a reclamación desta empresa.

Resposta: Foi inadmitida porque os servizos xurídicos do concello aconselláronnos non admitila tal como eles a planeaban e posteriormente o xuíz deulles a razón parcialmente e tivemos que pagar catro mil e pico euros pero si chegamos a admitila teriamos que pagar 15.000.

3ª.- Imaxinamos que xa falou cos seus compañeiros de goberno sobre a solicitude que se fixo ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que se dote no tramo que pediron a transferencia da N-VI que actualmente carece de beirarrúas, de saneamento, abastecemento de auga potable, soterrado de liñas eléctricas e pavimentación das beirarrúas, e tamén as dúas rotondas, unha na Ponte Veiga e outra na Avenida da Coruña, fronte ao colexio. Vostede quedou en convocarnos para falar este asunto.

Resposta: Estamos esperando a que o Ministerio nos diga o tramite a seguir para que nos transfira ese tramo con esas melloras.

4ª.- Vimos que dende o Concello se pagou ou polo menos están rexistradas facturas na segunda quincena do mes de xaneiro deste ano, entre elas a do seguro da furgoneta do Centro de Día deste ano 2022 e do ano anterior, explíquenos os motivos?

Resposta: A compañía de seguros non nos pasara a factura e nós non nos dimos conta, si o seguro fora cunha domiciliación isto non pasaría.

5ª.- Canto tempo estívose facendo a limpeza do CIP Lagostelle con unha soa operaria de limpeza.

Resposta: Sempre houbo dúas persoas, ía unha persoa de apoio, un peón que esta adscrito a unha praza que pode limpar instalacións municipais.

Pregunta o voceiro do BNG, cantas prazas hai de limpiador/a no colexio ? Responde a alcaldesa que o mira e xa lle contesta.

6ª.- En canto tempo se contempla que este rematado o arranxo da Casa Barxa?

Resposta: Xa houbo unha primeira reparación e cando se fixeron estas observáronse deficiencias que imos solucionar agora pero hai que pedir permiso a Patrimonio.

7ª.- Sra. alcaldesa volveu a actuar sen consenso veciñal e coma sempre sen consenso coa oposición, refírome ao composteiro municipal que instalaron nos xardíns do cuartel da garda civil e a escasos metros de dous bens catalogados como é, o cruceiro e a Igrexa de San Xoán de Lagostelle. Deu permiso patrimonio para a súa instalación?





Concello de Guitiriz

Resposta: Non temos informe do técnico que diga que hai que pedir permiso a Patrimonio.

8ª.- A finais do mes de maio está previsto que comece a andadura os GES de Friol, pode dicirnos que vehículos e material de traballo ten que devolver ou entregar Guitiriz a nova sede dos GES.

Resposta: Teño unha listaxe, mándovolo por correo electrónico.

9ª.- E consciente Sra. alcaldesa da preocupación dos vendedores ambulantes que veñen ao mercado todos os mércores do baixón que deu nos últimos meses. Que medidas vai a tomar para dinamizalo?

Resposta: Teremos que tomar algunha medida pero aínda non teño pensado nada.

10.- Hai certo tempo cobrouse a algúns veciños/as unha cantidade desorbitada na factura polo consumo da auga da traída. Fixeron reclamacións, pódeme dicir si se devolveu a estes veciños/as as cantidades que se cobraron de mais.

Resposta: Todos os recibos que se cobran indebidamente atendemos a reclamación o antes posible.

Rematada a quenda de Rogos e Preguntas a Sra. Alcaldesa di que antes de rematar o pleno e, como representante do Concello de Guitiriz, quere que quede constancia da inadmisíble falta de respecto que tivo a Xunta de Galicia cara o Concello en xeral e cara os veciños e veciñas de Parga en particular.

Esta semana recibimos con sorpresa que o Sergas, nunha reunión cos concelleiros e concelleiras do Partido Popular de Guitiriz aquí presentes, anunciaba a reapertura do consultorio de Parga de cara ao mes de setembro.

En lugar de facer este anuncio ao Concello, como sería lóxica xa que é a entidade que representa ante o resto de administracións a todos os veciños e veciñas do municipio, a Xunta decide facelo nunha reunión coa agrupación local do PP, facendo un uso totalmente partidista das institucións, como nos ten acostumados.

Partindo da base de que cremos que a reapertura do consultorio de Parga é unha boa nova, estas non son as formas de facer as cousas, máis aínda cando sempre estivemos dispostos a colaborar en todo o que fixese falta.

Por outra banda, se o Partido Popular ten esa capacidade de reunirse e de presionar ao Sergas para que o centro médico volva a recuperar a actividade presencial, eu pregunto, por que non o fixeron antes para que o consultorio non botase dous anos pechado? A resposta penso que é sinxela porque isto é unha medida claramente electoralista. Porque xa se lles ve vir as intencións de lonxe señores do PP. Falan agora dunha apertura gradual desde o mes de setembro, que probablemente estenderán ata as eleccións municipais do ano que vén e que despois, se che vin no me acordo, esqueceranse do tema e probablemente o consultorio non se volverá a abrir.

Despois da expectativa que creastes, quen asumirá as consecuencias?. Agardo que isto non ocorra. Agardo que, dunha vez por todas, cumpran o que están a prometer e o consultorio de Parga funcione a pleno rendemento no mes de setembro, sen escusas. Xa vai sendo hora.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES





Concello de Guitiriz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: M66PLOSJHHXY60XK238NE65H | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 45